

## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 485

IX lexislatura

23 de xuño de 2015

Fascículo 2

### SUMARIO

#### 1. Procedementos parlamentarios

##### 1.1. Procedementos de natureza normativa

##### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

##### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia [115528](#)

##### 1.4. Procedementos de información

##### 1.4.5. Respostas a preguntas

- 38119 - 25834 (09/PRE-007401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre o recoñecemento ao colectivo do profesorado dos cursos reelizados en Aula Mentor para os efectos de sexenios [115538](#)

- 38101 - 30231 (09/PRE-008450)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non rescindir o contrato para a execución das obras de construción da autovía da Costa da Morte

[115539](#)

- 38102 - 30229 (09/PRE-008748)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre o prazo estimado polo Goberno galego para o remate da totalidade da autovía da Costa da Morte, as razóns da actuación que está a levar a cabo en relación co incumprimento do contrato na execución das obras e o custo final destas, así como sobre o prazo de execución do segundo tramo e as previsións respecto dos terreos expropiados e o impacto ambiental producido [115541](#)

- 38100 - 31819 (09/PRE-009259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 2 máis

Sobre a actuación e as medidas adoptadas pola Xerencia de Xestión Integrada de Vigo fronte ás situacións de colapso producidas nos servizos de urxencias hospitalarios no mes de xaneiro de 2015 por causa do incremento da patoloxía relacionada coa gripe e outros procesos virais [115544](#)

- 38109 - 32896 (09/PRE-009340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 7 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da implantación dun servizo de hemodinámica durante as 24 horas do día no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo [115547](#)

- 38121 - 32913 (09/PRE-009343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre a resposta da Consellería de Sanidade ao requirimento de asinamento do novo protocolo de colaboración co Concello de Narón para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde e as intencións e previsións do Goberno galego ao respecto [115549](#)

- 38122 - 33888 (09/PRE-009424)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a denuncia referida á perda de expedientes de solicitude de tratamento para doentes de hepatite C [115551](#)

- 38123 - 34349 (09/PRE-009463)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade en relación coa dimisión de nove membros da Comisión Galega de Bioética, as razóns existentes para non publicar o seu informe sobre desigualdades na asistencia sanitaria, así como as actuacións previstas ao respecto [115552](#)

- 38125 - 34866 (09/PRE-009512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a taxa de reposición acadada e a insuficiencia do número de prazas que vai convocar o Sergas na oferta pública de emprego para o ano 2015 [115555](#)

- 38118 - 35061 (09/PRE-009522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do arranxo das instalacións do Conservatorio Superior de Música de Vigo e a súa

opinión en relación cos criterios seguidos para a concesión e denegación de novas especialidades aos conservatorios de música [115558](#)

- 38126 - 35328 (09/PRE-009530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a necesidade de dotar a comarca do Salnés dun servizo permanente de ambulancia medicalizada ou de soporte vital avanzado, as intencións do Goberno galego ao respecto e o prazo previsto para ese fin [115559](#)

- 38117 - 35362 (09/PRE-009535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre a información e as actuacións previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas supostas irregularidades que se están a producir no funcionamento do Colexio Santa Apolonia, de Santiago de Compostela [115570](#)

- 38115 - 35691 (09/PRE-009571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 7 máis

Sobre a opinión da Consellería de Sanidade respecto das razóns da diferenza existente entre a taxa de mortalidade na provincia de Lugo por infarto de miocardio e as medias nacional e galega [115572](#)

- 38124 - 35792 (09/PRE-009581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para iniciar os trámites para reducir o número de enfermidades metabólicas, endócrinas ou xenéticas controladas nas probas de cribado neonatal, e a valoración do seu futuro impacto para os doentes, as súas familias e o sistema sanitario público [115574](#)

- 38110 - 35798 (09/PRE-009584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 7 máis

Sobre os prazos previstos pola Consellería de Sanidade para a entrada en funcionamento dos servizos de Hemodinámica 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, así como a posta en valor do antigo Hospital Xeral [115576](#)

- 38114 - 35930 (09/PRE-009595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a cobertura todos os días da semana da baixa médica dun facultativo no Centro de Saúde da Pobra do Brollón, a espera existente nel para recibir atención e as posibles consecuencias no caso de urxencias e desprazamentos ao hospital de referencia [115579](#)

- 38116 - 35973 (09/PRE-009600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 7 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co ofrecemento da Deputación Provincial de Lugo do financiamento necesario para a implantación do servizo de hemodinámica 24 horas no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, as razóns do seu impedimento e as previsións ao respecto [115583](#)

- 38105 - 36298 (09/PRE-009629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a opinión do Goberno galego en relación co anuncio dun novo recorte nos servizos ferroviarios entre Santiago de Compostela e Ourense, os continuos cambios nos horarios e as diferenzas de prezo con outras liñas, así como a súa incidencia no uso dese medio de transporte e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto [115586](#)

- 38108 - 36361 (09/PRE-009635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio e 2 máis

Sobre os datos referidos ás parcelas de solo industrial vendidas en Galicia no primeiro trimestre de 2015 debido aos descontos aplicados [115587](#)

- 38112 - 36460 (09/PRE-009639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio  
Sobre a Orde pola que se autorizan as ensinanzas artísticas superiores de música en diversas especialidades no centro privado Mayeosis, de Vigo, as razóns do Goberno galego para non abordar a regulación do modelo, marco organizativo e autonomía de xestión e funcionamento das ensinanzas artísticas superiores, así como o prazo previsto para a reparación das deficiencias que padece o Conservatorio Superior de Música de Vigo [115588](#)

- 38104 - 36507 (09/PRE-009644)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre as deficiencias detectadas na posta en marcha dos novos servizos ferroviarios do eixe atlántico entre Vigo e A Coruña, as xestións previstas pola Xunta de Galicia para a adaptación dos horarios

e frecuencias ás necesidades de desprazamento das persoas usuarias ao seu lugar de traballo, así como o mantemento ou abarataemento dos prezos, e as actuacións que vai levar a cabo para a posta en marcha dunha rede galega de proximidades [115589](#)

- 38107 - 36541 (09/PRE-009650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a situación na que se atopa a elaboración polo Goberno galego dun censo da poboación do lobo en Galicia, as previsións respecto da continuación co desenvolvemento do seu plan de xestión e as razóns da redución, ano tras ano, das indemnizacións polos danos que causa, así como os resultados do censo rematado polo Ministerio de Medio Ambiente en febreiro de 2015 [115592](#)

- 38103 - 36600 (09/PRE-009655)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio e 2 máis

Sobre a relación de parques empresariais xestionados polo IGVS nos que se van aplicar as bonificacións de ata o 50 % nos prezos acordadas polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de abril de 2015 para a posta en marcha da segunda fase do programa de venda de solo empresarial, así como a porcentaxe que se vai aplicar en cada un deles [115594](#)

- 38106 - 36885 (09/PRE-009678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a información, as inspeccións levadas a cabo ou previstas e a opinión do ente público Augas de Galicia respecto do cumprimento da lexislación vixente en materia de depuración e tratamento de augas residuais na Estación de Servizo Compostela, situada na AP-9 ao seu paso polo concello de Teo [115596](#)

- 38111 - 37294 (09/PRE-009708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da posta en funcionamento, para o curso 2015-2016, dunha sección de Inglés da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos no Instituto de Ensinanza Secundaria Lama das Quendas, de Chantada [115597](#)

- 38113 - 37373 (09/PRE-009714)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para non dispensar a vacina contra a meninxite tipo B [115598](#)

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

###### 1.1.2.1.1. Proxectos de lei

###### 1.1.2.1.2. Proposicións de lei

### Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2015

Pilar Rojo Noguera

Presidenta

### Informe da Ponencia sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia

A Ponencia designada pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, para emitir informe sobre a Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, nas reunións e cos acordos que a continuación se indican, á vista do texto da proposición e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate ante o dito órgano, este

#### INFORME

##### 1. Antecedentes

Esta proposición de lei, do G.P. Popular de Galicia, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 16 de febreiro de 2015, co número de asentamento 33678.

A Mesa do Parlamento, na reunión do día 17 de febreiro de 2015, admitiu a trámite esta iniciativa e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* (BOPG núm. 418, do 18 de febreiro de 2015).

Na sesión plenaria do día 24 de marzo de 2015 tomouse en consideración a proposición de lei.

Posteriormente, a Mesa, na reunión do día 7 de abril de 2015, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado, que rematou o día 11 de maio de 2015.

As emendas ao articulado presentadas –cualificadas pola Mesa da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 22 de maio de 2015, e publicadas no BOPG núm. 468, do 26 de maio de 2015– foron:

– 120 emendas ao articulado: 19 do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 37073), 13 do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 37098), 64 do G.P. Mixto (doc. núm. 37099) e 24 do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 37111).

## 2. Constitución, composición e reunións da Ponencia

### 2.1. Constitución e composición da Ponencia

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión do día 28 de maio de 2015, designou os seguintes ponentes:

—G.P. Popular de Galicia (P):

D. Pedro Puy Fraga (titular)

Dª Paula Prado del Río (suplente)

—G.P. dos Socialistas de Galicia (S):

D. José Luis Méndez Romeu (titular)

Dª Carmen Gallego Calvar (suplente)

—G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (AGE):

D. Ramón Vázquez Díaz (titular)

Dª Yolanda Díaz Pérez (suplente)

—G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG):

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas (titular)

Dª María Tereixa Paz Franco (suplente)

—G.P. Mixto (M):

D<sup>a</sup> María Consuelo Martínez García (titular)

D<sup>a</sup> Carmen Iglesias Sueiro (suplente)

## 2.2. Reunións da Ponencia

A sesión constitutiva da Ponencia tivo lugar o día 4 de xuño de 2015, coa asistencia do presidente da Comisión 1<sup>a</sup>, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, D. Agustín Baamonde Díaz, a ponente e os ponentes titulares: Sra. Martínez García e Sres. Puy Fraga, Méndez Romeu, Vázquez Díaz e Jorquera Caselas, e a ponente suplente Sra. Prado del Río.

Posteriormente, a Ponencia mantivo as seguintes reunións os días 11 e 15 de xuño de 2015, coa asistencia da ponente e dos ponentes titulares. Nela examináronse as emendas presentadas e o texto da proposición de lei, e rematou o seu informe.

## 3. Elaboración do informe

Como resumo sucinto do seu labor, a Ponencia recomendalle á Comisión a aceptación das seguintes emendas ou transaccións elaboradas verbo delas, nos termos que constan no texto articulado deste informe:

### Emendas aceptadas:

— Do G.P. dos Socialistas de Galicia: a emenda número 1 de adición dun novo Título I

— Do G.P. Mixto: a emenda núm. 19 ao artigo 10, as emendas núms. 31 e 52 ao artigo 15, a emenda núm. 24, pola que se crea un novo artigo 12 bis, e a emenda núm. 36 ao artigo 16.

### Emendas transaccionadas:

A Ponencia recomenda a aceptación das transaccións, nos termos que recolle o texto articulado, efectuadas coas seguintes emendas:

— Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego: a emenda núm. 10 ao artigo 15.2.a) e a emenda núm. 16 ao artigo 16.2.

— Do G.P. Mixto: a emenda núm. 20 ao artigo 10.3.

## 4. Texto articulado

### Exposición de motivos

O Estatuto de autonomía de Galicia reconece, no seu artigo 13.1, a iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei que teñan que ser tramitadas polo Parlamento de Galicia, así como que a dita iniciativa será regulada por este mediante lei.

En cumprimento do mandato estatutario, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular, ante o Parlamento de Galicia, evidenciando, como se expresa na exposición de motivos desta norma, a vontade do poder lexislativo autonómico de favorecer unha máis plural e intensa participación da sociedade civil galega no labor de dirección política da Comunidade Autónoma a través do exercicio da potestade lexislativa; unha participación cidadá directa na iniciativa lexislativa que, lonxe de restarlle protagonismo político ao Parlamento de Galicia, contribuíu ao longo dos últimos anos a reforzar a súa centralidade, a mellorar o exercicio por parte das deputadas e dos deputados da representación política e a achegar as demandas e inquietudes sociais á institución parlamentaria.

A vontade de favorecer a participación cidadá nos procedementos lexislativos autonómicos quedou reafirmada coa recente reforma da Lei 1/1988, mediante a Lei 9/2014, do 30 de outubro, na que, co obxecto de darlle un novo pulo, se reduciron o número de sinaturas precisas para que as iniciativas lexislativas populares poidan ser debatidas no Parlamento de Galicia; se habilitou a posibilidade de recoller as sinaturas electronicamente; e se estableceu un prazo para que, unha vez completados todos os requisitos que a lexislación e o Regulamento da Cámara establecen, se produza o debate para a correspondente toma en consideración.

Adicionalmente, e coa mesma vontade de facilitar a participación cidadá na elaboración das leis, a Presidencia e a Mesa do Parlamento promoveron na presente lexislatura a posta en marcha, a través da páxina web oficial da Cámara, da iniciativa denominada “Lexisla con nós”, un instrumento que permite á cidadanía coñecer e realizar achegas aos proxectos e proposicións de lei que se están a tramitar. Unha iniciativa útil que cómpre, como se fai nesta norma, regular con

maior garantía para todas aquelas persoas que queiran trasladar a súa opinión aos lexisladores con pleno coñecemento tanto do texto do proxecto ou proposición de lei como das emendas que os respectivos grupos parlamentarios presentan de acordo co previsto no Regulamento do Parlamento de Galicia.

Co fin de ampliar máis aínda a posibilidade de que todas as persoas que gozan da condición política de galegos poidan participar nas funcións que o Estatuto de autonomía lle atribúe ao Parlamento de Galicia e de reforzar así a centralidade política que a nosa asemblea representativa ten na estrutura institucional autonómica, nesta norma introdúcense dous novos mecanismos de participación cidadá directa: a presentación de iniciativas de impulso, mediante proposicións non de lei; e de control, a través de preguntas.

Con estas dúas iniciativas, trátase de facilitar que os galegos e as galegas poidan sentirse partícipes da actividade parlamentaria traendo ao Parlamento de Galicia aqueles asuntos de relevancia que consideren que deben ser debatidos pola Cámara, participando máis activamente na fixación das axendas de debate das sesións parlamentarias, así como presentando preguntas dirixidas á Xunta de Galicia para que o Goberno poida informar e dar resposta sobre aqueles asuntos que lles preocupan.

Finalmente, e para facilitar o exercicio do dereito de petición que a Constitución reconece a todas as persoas no seu artigo 29, prevese a posta en marcha dun mecanismo electrónico para a presentación no Rexistro do Parlamento daquelas peticións que vaian dirixidas á Cámara lexislativa autonómica.

Coa finalidade de simplificar o marco normativo, de xeito que tanto cidadáns como asociacións e colectivos e a propia Administración poidan contar cun marco normativo máis simplificado, fácil de manexar e máis operativo, aprovéitase a introdución dos novos mecanismos de participación cidadá nas actividades de impulso e control do Parlamento de Galicia para reunir nun único texto a normativa xa existente sobre as iniciativas lexislativas populares, sen modificar o previsto no articulado da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, reformada mediante a Lei 9/2014, do 30 de outubro.

En consecuencia, a presente lei estrutúrase en seis títulos. O título primeiro ten un único artigo, no que se reconece o dereito de participación no Parlamento de Galicia de todas e todos os cidadáns que gocen da condición política de galegos e galegas. No segundo dos títulos recóllese o texto consolidado da Lei de iniciativas lexislativas populares. O título III regula a participación popular na elaboración das leis que se tramiten no Parlamento de Galicia. O título IV abre a posibilidade da participación popular no impulso da acción de goberno, regulando a posibilidade de presentación de proposicións non de lei pola cidadanía. No título V regúlase a participación cidadá no control ao Goberno, a través da presentación de preguntas dirixidas ao Goberno. E no título VI introdúcese a posibilidade de exercer o dereito de petición perante a Cámara a través de medios telemáticos.

## TÍTULO I

### Disposición xeral

#### Artigo 1

As persoas maiores de idade que gocen da condición política de galegos ou galegas e se atopen inscritas no censo electoral poden exercer a iniciativa lexislativa prevista no artigo 13.1 do Estatuto de autonomía, así como as restantes formas de participación política a través do Parlamento de Galicia de acordo co disposto por esta lei.

## TÍTULO II

### Iniciativa lexislativa popular perante o Parlamento de Galicia

#### Artigo 2

A iniciativa lexislativa popular perante o Parlamento de Galicia exerceuse por medio da presentación de proposicións de lei asinadas, polo menos, por 10.000 das cidadás e dos cidadáns referidos no artigo anterior.

#### Artigo 3

Quedan excluídas da iniciativa lexislativa popular as materias seguintes:

1. As non atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma.



2. As de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía e as que, en todo caso, requiran para a súa aprobación o voto favorable dunha maioría cualificada.

3. As de natureza orzamentaria e tributaria.

#### Artigo 4

O procedemento para o exercicio da iniciativa lexislativa popular iniciárase mediante a presentación no Rexistro do Parlamento dun escrito dirixido á Mesa, que conterá:

a) O texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos.

b) Unha exposición das razóns que, a xuízo dos asinantes, aconsellen a tramitación e aprobación polo Parlamento de Galicia da proposición de lei.

c) A relación de membros da comisión promotora, cun mínimo de 10 persoas e coas sinaturas e datos persoais de cada un deles, e a indicación do enderezo que se sinale para cursar as notificacións e comunicacións que sexa preciso realizar.

Os Servizos Xurídicos do Parlamento de Galicia deben asesorar os membros da comisión promotora para facilitar-lles o cumprimento dos requisitos formais.

#### Artigo 5

1. Os membros da comisión promotora deberán reunir a condición de electores, de acordo co disposto no artigo 1 desta lei.

2. Non poderán formar parte da comisión promotora os deputados do Parlamento de Galicia nin as persoas incursoas en causas de inellexibilidade ou incompatibilidade das aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia.

#### Artigo 6

Recibida a documentación presentada, a Mesa do Parlamento procederá a examinala, e resolverá sobre a súa admisión no prazo dun mes.

A Mesa do Parlamento soamente poderá declarar a inadmisión dunha iniciativa lexislativa popular por algún dos seguintes motivos:

a) Que teña por obxecto algunha das materias excluídas.

b) Que o escrito de presentación non reúna algún dos requisitos exixidos. Non obstante, tratándose dun defecto reparable, a Mesa comunicarllo á comisión promotora para que proceda, de ser o caso e no prazo dun mes, á reparación.

c) Que exista previamente no Parlamento un proxecto ou proposición de lei que verse sobre o mesmo obxecto da iniciativa lexislativa popular e se atope no trámite de emendas ou noutro posterior, mentres non se esgote o procedemento lexislativo.

d) Que reproduza outra iniciativa lexislativa popular de contido igual ou substancialmente equivalente que se atope en trámite.

A resolución da Mesa do Parlamento notificaráselle á comisión promotora e publicarase no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Contra a decisión da Mesa de non admitir a proposición de lei a comisión promotora poderá interpoñer recurso de amparo.

#### Artigo 7

1. Admitida a proposición, a Mesa do Parlamento comunicarllo á Xunta Electoral de Galicia, que garantirá a regularidade do procedemento de recollida de sinaturas pola comisión promotora.

2. A Xunta Electoral de Galicia notificaralle á comisión promotora a admisión da proposición co obxecto de que se proceda á recollida das sinaturas requiridas.

3. O procedemento finalizará coa entrega á Xunta Electoral de Galicia das sinaturas recollidas, no prazo máximo de catro meses, que se contarán desde o día seguinte ao da notificación a que se refire o punto anterior. Este prazo poderá ser prorrogado por tres meses por petición da comisión promotora cando concorra causa xustificada, apreciada pola

Mesa do Parlamento. Transcorrido o prazo sen que se fixese entrega das sinaturas requiridas, caducará a iniciativa.

#### Artigo 8

1. Recibida a notificación de admisión da proposición, a comisión promotora presentará, no prazo de dez días hábiles, ante a Xunta Electoral de Galicia, os pregos necesarios para a recollida de sinaturas. Nestes pregos reproducirase o texto íntegro da proposición de lei.

2. No suposto de que o texto da proposición supere en extensión as tres caras do prego, poderase achegar un prego máis, que se xuntará ao destinado a recoller as sinaturas, de modo que non poidan ser separados, e selaranse e numeraranse de acordo co disposto no punto seguinte.

3. Recibidos os pregos pola Xunta Electoral de Galicia, esta, dentro das setenta e dúas horas seguintes, selaraos, numeraraos e devolveraos á comisión promotora.

#### Artigo 9

1. As sinaturas recollidas figurarán necesariamente nos pregos a que fai referencia o artigo anterior e tamén se poderán recoller a través de sinatura electrónica, conforme o acordo da Xunta Electoral de Galicia do 22 de xaneiro de 2015, sobre o procedemento para a verificación e certificación de sinaturas electrónicas nas iniciativas lexislativas populares, e demais normas de aplicación.

A Xunta Electoral de Galicia será competente para establecer os requisitos necesarios para que o procedemento de recollida de sinaturas poida realizarse a través do sistema de sinatura electrónica.

2. Xunto coa sinatura de cada elector ou electora faranse constar o seu nome e apelidos, o número do documento nacional de identidade, a data de nacemento e o municipio galego en cuxas listas electorais está inscrito ou inscrita.

3. As sinaturas deberán ser autenticadas por un notario, un cónsul, un secretario xudicial ou o secretario municipal que corresponda ao municipio en cuxo censo electoral estea inscrita a persoa asinante. Indicarase a data en que se realice a autenticación, que poderá ser colectiva, prego por prego,

en cuxo caso deberá consignarse o número de sinaturas contidas en cada prego.

4. Sen prexuízo do establecido no punto anterior, as sinaturas poderán tamén ser autenticadas por fedatarios especiais designados pola comisión promotora.

5. Poderá adquirir a condición de fedatario especial quen, sendo maior de idade e tendo a condición política de galego, xure ou prometa ante a Xunta Electoral de Galicia dar fe da autenticidade das sinaturas dos signatarios da proposición, baixo as penas que, en caso de falsidade, procedan.

6. A comisión promotora será responsable de que os datos persoais que estean no seu poder sexan tratados con respecto á lexislación aplicable en materia de protección de datos, e garantirá, particularmente, que os ditos datos non sexan utilizados para fins distintos do apoio declarado a esa iniciativa.

#### Artigo 10

1. Os pregos que conteñan as sinaturas recollidas, a cada un dos cales se achegará certificado, expedido en forma xenérica por algunha das persoas con facultade de autenticar, que acredite a inscrición dos asinantes no censo electoral, presentaranse ante a Xunta Electoral de Galicia.

Co obxecto de facilitar a expedición dos indicados certificados, facilitaránselles ás persoas para iso facultadas exemplares, o acceso aos correspondentes censos electorais ou copias compulsadas destes.

2. A Xunta Electoral, unha vez entregados os pregos e as certificacións correspondentes, comprobaraos e fará o recuento de sinaturas nun acto público. Para a asistencia a este acto serán notificadas as persoas representantes da comisión promotora.

A Xunta Electoral declarará nulas as sinaturas que non cumpran os requisitos establecidos nesta lei, que non se computarán.

3. Efectuado o recuento de sinaturas no prazo indicado anteriormente e comprobado o cumprimento dos requisitos exixidos para a válida presentación da proposición, a Xunta



Electoral debe comunicar estes extremos no prazo de quince días hábiles, que se contarán desde a data do acto público de recuento, e remitir á Mesa do Parlamento e á comisión promotora certificación acreditativa do número de sinaturas válidas, e procederá a destruír os pregos das sinaturas que estean no seu poder, coa excepción daquelas que conteñan sinaturas ás que se lles negase a súa validez.

#### Artigo 11

Recibida a notificación que acredite que se reuniu o número de sinaturas exixido, a Mesa ordenará a publicación da proposición, e a súa tramitación axustarase ao disposto no artigo 123 do Regulamento da Cámara. A inclusión na orde do día dunha sesión plenaria do debate de toma en consideración da correspondente iniciativa deberá producirse nun dos dous plenos ordinarios seguintes que se celebren, unha vez que esta teña cumpridos todos os trámites establecidos na lexislación vixente e no Regulamento da Cámara.

#### Artigo 12

Para a defensa da proposición de lei, no debate para a toma en consideración no Pleno do Parlamento, a Comisión promotora poderá designar un dos seus membros ou un dos asinantes.

#### Artigo 12 bis)

1. A iniciativa lexislativa popular que estea a tramitarse no momento en que se disolva o Parlamento seguirá a súa tramitación na nova lexislatura.

2. Non poderá exixirse en ningún caso que volva acreditarse o cumprimento dos requisitos establecidos pola presente lei nin que volvan presentarse as sinaturas.

3. A Mesa do Parlamento, de acordo coa Xunta de Portavoces, acordará o trámite a partir do cal debe continuarse, neste suposto, o procedemento lexislativo.

#### Artigo 13

O Parlamento resarcirá a comisión promotora dos gastos realizados, ata un máximo de 0'64 euros por sinatura, co límite máximo de 6.000 euros, sempre que a proposición de

lei sexa tomada en consideración polo Parlamento de Galicia e que os gastos estean debidamente acreditados con facturas e xustificantes de pagamento, conforme o establecido na normativa vixente en materia de subvencións. Esta cifra será revisada pola Mesa do Parlamento segundo as variacións do índice de prezos de consumo.

### TÍTULO III

#### Da participación popular na elaboración das leis

#### Artigo 14

1. As persoas maiores de idade e coa condición política de galegos poderán participar na tramitación parlamentaria das leis remitindo as súas suxestións e achegas á Mesa do Parlamento de Galicia antes da sinatura do informe da ponencia da iniciativa lexislativa.

2. Unha vez admitidas a trámite as suxestións e achegas, serán entregadas á ponencia encargada de elaborar o informe de ponencia para o seu estudo á vista do texto da iniciativa lexislativa e das emendas presentadas.

3. A Mesa do Parlamento aprobará as normas necesarias para facilitar a presentación das achegas populares mediante medios electrónicos e a información aos autores do estado de tramitación das iniciativas lexislativas.

### TÍTULO IV

#### Da participación popular no impulso da acción do Goberno a través de proposicións non de lei

#### Artigo 15

1. Calquera persoa xurídica que represente intereses sociais e actúe lexitimamente a través dos seus órganos, ou calquera cidadán coa súa sinatura e a doutros nove, e coa mención dos seus documentos nacionais de identidade, poderán promover a presentación de proposicións non de lei ao Parlamento de Galicia.

2. O procedemento para a presentación de proposicións non de lei de iniciativa popular será o previsto nesta mesma norma para a tramitación das iniciativas lexislativas populares, agás nas especificidades seguintes:

a) A Mesa da Cámara pronunciárase sobre a admisibilidade de cada unha delas, e rexeitará de xeito motivado, pero sen posible recurso, as que considere improcedentes, conforme o disposto no Regulamento do Parlamento de Galicia e nos seus acordos complementarios.

b) O número requirido de sinaturas de persoas lexitimadas para subscribir unha proposición non de lei de iniciativa popular é de 2.500.

c) Unha vez admitida unha proposición non de lei, quedará depositada no Rexistro da Cámara. Nese momento, calquera grupo parlamentario poderá asumila, debendo convertela en proposición non de lei en pleno ou en comisión. Seralle de aplicación o disposto no artigo 161.1 do Regulamento do Parlamento. De seren varios os grupos parlamentarios que manifesten a asunción, quedará asignada ao primeiro que o solicite.

d) Ao formulala, deberá mencionarse sempre a súa orixe, aínda que preservando a identidade das persoas asinantes.

e) O aboamento dos gastos previstos no artigo 13 da presente lei producírase sempre que a proposición non de lei sexa aprobada polo Parlamento e co límite máximo de 1.500 euros.

4. As proposicións non de lei admitidas pola Mesa e non asumidas por ningún grupo parlamentario nos quince días seguintes ao seu anuncio no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia consideraranse decaídas.

5. As proposicións non de lei asumidas por un grupo parlamentario seranlle imputadas a ese grupo parlamentario respecto da formación das correspondentes ordes do día.

6. A Xunta Electoral de Galicia será competente para establecer os requisitos necesarios para que o procedemento de recollida de sinaturas poida realizarse a través do sistema de sinatura electrónica.

## TÍTULO V

### Da participación popular no control ao Goberno

#### Artigo 16

1. Calquera persoa xurídica que represente intereses sociais e actúe lexitimamente a través dos seus órganos, e

calquera cidadán coa súa sinatura e mención do seu documento nacional de identidade, poderán dirixir preguntas ao Parlamento de Galicia co rogo de que sexan formuladas á Xunta de Galicia.

2. A Mesa da Cámara pronunciárase sobre a admisibilidade de cada unha delas, e rexeitará de xeito motivado, pero sen posible recurso, as que considere improcedentes, conforme o disposto no Regulamento do Parlamento de Galicia e nos seus acordos complementarios.

3. Unha vez admitida unha pregunta, quedará depositada no Rexistro da Cámara e será cualificada e admitida, de ser o caso, pola Mesa.

As preguntas admitidas anunciaranse no BOPG, e establecerase un prazo de 15 días, que se contarán desde o seguinte ao da súa publicación, para que os deputados ou as deputadas as poidan asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral. De seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a asunción, serán asignadas ao primeiro que o solicite.

Ao formulalas, deberá mencionarse sempre a súa orixe, aínda que preservando, se se trata dunha persoa física, o nome e os apelidos do asinante e expresando, así mesmo, os deputados ou as deputadas que as teñan asumidas.

4. As preguntas admitidas pola Mesa e non asumidas por ningún deputado ou deputada nos quince días seguintes ao seu anuncio no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia consideraranse decaídas.

5. As preguntas de iniciativa popular asumidas por un deputado seranlle imputadas ao seu grupo respecto da formación das correspondentes ordes do día.

## TÍTULO VI

### Do exercicio do dereito de peticións perante o Parlamento de Galicia

#### Artigo 17

Para facilitar o exercicio do dereito de peticións dos cidadáns e das cidadás perante o Parlamento de Galicia habilitase na páxina web oficial desta institución un mecanismo electrónico.

#### Disposición transitoria

A Xunta Electoral de Galicia disporá dun prazo de tres meses dende a entrada en vigor desta norma para a elaboración das disposicións necesarias que permitan o uso da sinatura electrónica prevista no artigo 15 desta lei.

#### Disposición derogatoria

1. Queda derogada a Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, de iniciativa lexislativa popular ante o Parlamento de Galicia. (...)

2. Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan á presente lei.

#### Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2015

Paula Prado del Río  
José Luis Méndez Romeu  
Ramón Vázquez Díaz  
Francisco Xesús Jorquera Caselas  
María Consuelo Martínez García

### 1.4. Procedementos de información

#### 1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 22 de xuño de 2015, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

- 38119 - 25834 (09/PRE-007401)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre o recoñecemento ao colectivo do profesorado dos cursos realizados en Aula Mentor para os efectos de sexenios

- 38101 - 30231 (09/PRE-008450)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para non rescindir o contrato para a execución das obras de construción da auto-vía da Costa da Morte

- 38102 - 30229 (09/PRE-008748)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre o prazo estimado polo Goberno galego para o remate da totalidade da autovía da Costa da Morte, as razóns da actuación que está a levar a cabo en relación co incumprimento do contrato na execución das obras e o custo final destas, así como sobre o prazo de execución do segundo tramo e as previsións respecto dos terreos expropiados e o impacto ambiental producido

- 38100 - 31819 (09/PRE-009259)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 2 máis

Sobre a actuación e as medidas adoptadas pola Xerencia de Xestión Integrada de Vigo fronte ás situacións de colapso producidas nos servizos de urxencias hospitalarios no mes de xaneiro de 2015 por causa do incremento da patoloxía relacionada coa gripe e outros procesos virais

- 38109 - 32896 (09/PRE-009340)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 7 máis

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da implantación dun servizo de hemodinámica durante as 24 horas do día no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo

- 38121 - 32913 (09/PRE-009343)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre a resposta da Consellería de Sanidade ao requirimento de asinamento do novo protocolo de colaboración co Concello de Narón para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde e as intencións e previsións do Goberno galego ao respecto

- 38122 - 33888 (09/PRE-009424)

Grupo Parlamentario Mixto

Iglesias Sueiro, Carmen

Sobre a denuncia referida á perda de expedientes de solicitude de tratamento para doentes de hepatite C

- 38123 - 34349 (09/PRE-009463)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a valoración da Consellería de Sanidade en relación coa dimisión de nove membros da Comisión Galega de Bioética, as razóns existentes para non publicar o seu informe sobre desigualdades na asistencia sanitaria, así como as actuacións previstas ao respecto

- 38125 - 34866 (09/PRE-009512)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a taxa de reposición acadada e a insuficiencia do número de prazas que vai convocar o Sergas na oferta pública de emprego para o ano 2015

- 38118 - 35061 (09/PRE-009522)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do arranxo das instalacións do Conservatorio Superior de Música de Vigo e a súa opinión en relación cos criterios seguidos para a concesión e denegación de novas especialidades aos conservatorios de música

- 38126 - 35328 (09/PRE-009530)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre a necesidade de dotar a comarca do Salnés dun servizo permanente de ambulancia medicalizada ou de soporte vital avanzado, as intencións do Goberno galego ao respecto e o prazo previsto para ese fin

- 38117 - 35362 (09/PRE-009535)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre a información e as actuacións previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas supostas irregularidades que se están a producir no funcionamento do Colexio Santa Apolonia, de Santiago de Compostela

- 38115 - 35691 (09/PRE-009571)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 7 máis

Sobre a opinión da Consellería de Sanidade respecto das razóns da diferenza existente entre a taxa de mortalidade na provincia de Lugo por infarto de miocardio e as medias nacional e galega

- 38124 - 35792 (09/PRE-009581)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para iniciar os trámites para reducir o número de enfermidades metabólicas, endócrinas ou xenéticas controladas nas probas de cribado neonatal, e a valoración do seu futuro impacto para os doentes, as súas familias e o sistema sanitario público

- 38110 - 35798 (09/PRE-009584)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 7 máis

Sobre os prazos previstos pola Consellería de Sanidade para a entrada en funcionamento dos servizos de Hemodinámica 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, así como a posta en valor do antigo Hospital Xeral

- 38114 - 35930 (09/PRE-009595)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 4 máis

Sobre as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a cobertura todos os días da semana da baixa médica dun facultativo no Centro de Saúde da Pobra do Brollón, a espera existente nel para recibir atención e as posibles consecuencias no caso de urxencias e desprazamentos ao hospital de referencia

- 38116 - 35973 (09/PRE-009600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e 7 máis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co ofrecemento da Deputación Provincial de Lugo do financiamento necesario para a implantación do servizo de hemodinámica 24 horas no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo, as razóns do seu impedimento e as previsións ao respecto

- 38105 - 36298 (09/PRE-009629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre a opinión do Goberno galego en relación co anuncio dun novo recorte nos servizos ferroviarios entre Santiago de Compostela e Ourense, os continuos cambios nos horarios e as diferenzas de prezo con outras liñas, así como a súa incidencia no uso dese medio de transporte e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto

- 38108 - 36361 (09/PRE-009635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio e 2 máis

Sobre os datos referidos ás parcelas de solo industrial vendidas en Galicia no primeiro trimestre de 2015 debido aos descontos aplicados

- 38112 - 36460 (09/PRE-009639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme, e Pombo Rodríguez, Cosme Eladio

Sobre a Orde pola que se autorizan as ensinanzas artísticas superiores de música en diversas especialidades no centro privado Mayeusis, de Vigo, as razóns do Goberno galego para non abordar a regulación do modelo, marco organizativo e autonomía de xestión e funcionamento das ensinanzas artísticas superiores, así como o prazo previsto para a reparación das deficiencias que padece o Conservatorio Superior de Música de Vigo

- 38104 - 36507 (09/PRE-009644)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda, e Sánchez García, Antón

Sobre as deficiencias detectadas na posta en marcha dos novos servizos ferroviarios do eixe atlántico entre Vigo e A Coruña, as xestións previstas pola Xunta de Galicia para a adaptación dos horarios e frecuencias ás necesidades de desprazamento das persoas usuarias ao seu lugar de traballo, así como o mantemento ou abaratamento dos prezos, e as actuacións que vai levar a cabo para a posta en marcha dunha rede galega de proximidades

- 38107 - 36541 (09/PRE-009650)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a situación na que se atopa a elaboración polo Goberno galego dun censo da poboación do lobo en Galicia,

as previsións respecto da continuación co desenvolvemento do seu plan de xestión e as razóns da redución, ano tras ano, das indemnizacións polos danos que causa, así como os resultados do censo rematado polo Ministerio de Medio Ambiente en febreiro de 2015

- 38103 - 36600 (09/PRE-009655)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sánchez Bugallo, José Antonio e 2 máis

Sobre a relación de parques empresariais xestionados polo IGVS nos que se van aplicar as bonificacións de ata o 50 % nos prezos acordadas polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de abril de 2015 para a posta en marcha da segunda fase do programa de venda de solo empresarial, así como a porcentaxe que se vai aplicar en cada un deles

- 38106 - 36885 (09/PRE-009678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a información, as inspeccións levadas a cabo ou previstas e a opinión do ente público Augas de Galicia respecto do cumprimento da lexislación vixente en materia de depuración e tratamento de augas residuais na Estación de Servizo Compostela, situada na AP-9 ao seu paso polo concello de Teo

- 38111 - 37294 (09/PRE-009708)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da posta en funcionamento, para o curso 2015-2016, dunha sección de Inglés da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos no Instituto de Ensinanza Secundaria Lama das Quendas, de Chantada

- 38113 - 37373 (09/PRE-009714)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen e 2 máis

Sobre as razóns da Consellería de Sanidade para non dispensar a vacina contra a meninxite tipo B

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2015

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente 1º





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25834**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o recoñecemento ao colectivo do profesorado dos cursos realizados en Aula Mentor para os efectos de sexenios”**, (publicada no BOPG número 337 do 9 de setembro de 2014), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 32291 debatida na Comisión 4ª de data 3/6/2015, á que nos remitimos e que foi formulada polos mesmos deputados e sobre o mesmo tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30231**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non rescindir o contrato para a execución das obras de construción da autovía da Costa da Morte”**, (publicada no BOPG número 380 do 26 de novembro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, en relación ao desenvolvemento da concesión de obra pública da Costa da Morte, cumpre escrupulosamente o Texto refundido da Lei de contratos do sector público e o conxunto do Ordenamento Xurídico que rexe na Comunidade Autónoma.

Tomou unha medida de reformulación do contrato que permite compatibilizar o equilibrio das contas públicas e a execución da parte prioritaria dunha obra estratéxica para a Costa da Morte.

O obxectivo é que o principal treito da autovía da Costa da Morte se poña en servizo nesta lexislatura. Os esforzos céntranse no treito 1, entre Carballo e Baio, cunha lonxitude de 27 quilómetros, o que se traduce nun 60% do percorrido. Coa construción deste primeiro treito atenderase os 5 municipios da traza: Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e Vimianzo, servindo de xeito directo a unha poboación de preto de 60.000 persoas.

Daráselle así continuidade á vía de altas prestacións existente e farase na zona de maior tráfico, posto que Carballo é o núcleo de maior poboación e converteuse no centro de actividades administrativas da comarca.

O Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, constitúe o instrumento básico que garante o equilibrio orzamentario.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Trátase dunha opción xuridicamente correcta e tecnicamente eficiente, que favorece o equilibrio futuro das contas públicas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30229**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre “**o prazo estimado polo Goberno galego para o remate da totalidade da autovía da Costa da Morte, as razóns da actuación que está a levar a cabo en relación co incumprimento do contrato na execución das obras e o custo final destas, así como sobre o prazo de execución do segundo tramo e as previsións respecto dos terreos expropiados e o impacto ambiental producido**”, (publicada no BOPG número 381 do 27 de novembro de 2014), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2014, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, en relación ao desenvolvemento da concesión de obra pública da Costa da Morte, cumpre escrupulosamente o Texto refundido da Lei de contratos do sector público e o conxunto do Ordenamento Xurídico que rexe na Comunidade Autónoma.

Tomou unha medida de reformulación do contrato que permite compatibilizar o equilibrio das contas públicas e a execución da parte prioritaria dunha obra estratéxica para a Costa da Morte.

O obxectivo é que o principal treito da autovía da Costa da Morte se poña en servizo nesta lexislatura. Os esforzos céntranse no treito 1, entre Carballo e Baio, cunha lonxitude de 27 quilómetros, o que se traduce nun 60% do percorrido. Coa construción deste primeiro treito atenderase os 5 municipios da traza: Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e Vimianzo, servindo de xeito directo a unha poboación de preto de 60.000 persoas.

Daráselle así continuidade á vía de altas prestacións existente e farase na zona de maior tráfico, posto que Carballo é o núcleo de maior poboación e converteuse no centro de actividades administrativas da comarca.

O Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, constitúe o instrumento básico que garante o equilibrio orzamentario.

A Comunidade Autónoma de Galicia promulgou a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, apoiándose na normativa básica establecida no Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro e na Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sustentable, incidindo no principio de responsabilidade.

A entrada en vigor da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira ten como unha das súas consecuencias a minoracións dos compromisos plurianuais de gasto da Axencia Galega de Infraestruturas.

Á vista do exposto, a Axencia Galega de Infraestruturas comunicoulle á sociedade concesionaria adxudicataria a vontade de realizar unha revisión dos termos contractuais vixentes da concesión da Autovía da Costa da Morte. A concorrencia de razóns de interese público determinaba a necesidade de recoller as novas circunstancias no marco contractual que vincula á Axencia Galega de Infraestruturas e a sociedade concesionaria a avaliar os axustes precisos que garantisen a continuidade da prestación do servizo público.

As razóns de interese xeral son as que determinaron a necesidade de adaptar ás novas circunstancias o contrato entre a Axencia Galega de Infraestruturas e a sociedade concesionaria e avaliar os axustes precisos que garantisen a continuidade da prestación do servizo público. Así o prevé a disposición adicional quinta da Lei 12/2014, de medidas fiscais e administrativas.

A revisión do contrato conta con informes que avalan a súa legalidade e que acreditan a redución de compromisos plurianuais para a Administración, que é o obxectivo principal desta medida.

A reformulación do contrato supón reducir nunha cantidade que superará os 6 millóns de euros en cada ano da concesión os compromisos de pagos futuros por parte da Axencia Galega de Infraestruturas á concesionaria. Esta redución cuantifícase a partir do investimento que realizará a empresa e os compromisos de gasto da Administración. Polo tanto, a concesionaria cobrará o que lle corresponde polos traballos realizados, tal e como o acreditan os informes técnico-xurídicos.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Para realizar a mencionada reformulación a Intervención Xeral do Estado acreditou que se trata dun reequilibrio económico-financeiro correctamente valorado e beneficioso para a Administración.

Trátase dunha opción xuridicamente correcta e tecnicamente eficiente, que favorece o equilibrio futuro das contas públicas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

AG/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 31819**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación e as medidas adoptadas pola Xerencia de Xestión Integrada de Vigo fronte ás situacións de colapso producidas nos servizos de urxencias hospitalarios no mes de xaneiro de 2015 por causa do incremento da patoloxía relacionada coa gripe e outros procesos virais”**, (publicada no BOPG número 405 do 23 de xaneiro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Os servizos de Urxencias son parte fundamental do sistema sanitario e imprescindibles pola atención que prestan. No noso sistema, a patoloxía urxente aténdese tanto nos puntos de atención continuada como nos servizos hospitalarios de urxencias. O seu obxectivo é diagnosticar, tratar e estabilizar, na medida do posible, este tipo de patoloxía.

Habitualmente, no inverno hai unha maior intensidade nos servizos de urxencias debido aos procesos gripais. A isto se une que esta tempada o pico de gripe chegou antes do previsto. Non obstante, a actividade cirúrxica e atención de pacientes tanto urxentes como programados, está en todo caso plenamente garantida con criterios de calidade, pese á alta demanda asistencial que se rexistrou eses días, derivada precisamente da incidencia na saúde da poboación do repunte da onda de gripe, que acadou entón o seu maior nivel de casos.

Esta tempada, asemade, non só produciuse esa anticipación do pico da gripe con respecto ao previsto, senón que a curva epidémica amosou unha elevada pendente (é dicir, un incremento rápido, con moitos casos en pouco tempo), en relación a outros anos, e producida maioritariamente por virus de cepas AH3, diferentes ás circulantes en tempadas anteriores.





22 camas de hospitalización adicionais (e non 60, como apunta), e deriváronse 15 pacientes a centros concertados.

A actividade cirúrxica e a atención aos pacientes tanto urxentes como programados, estivo garantida en todo momento con criterios de calidade, pese á alta demanda asistencial. So houbo que reprogramar unha cirurxía no CHUVI, e recórdolles que esta é unha das medidas que se toma en todas as tempadas para poder dar resposta os pacientes de urxencias, sempre prioritarios na súa atención.

Outras medidas adoptadas no CHUVI durante eses días foron as seguintes:

- Durante todo o período substituíronse, na medida do posible, pacientes programados para cirurxía con ingreso por CMA.
- En especialidades cirúrxicas substituíuse programación de adultos por nenos (2 quirófanos, 6 pacientes)
- Habilitouse un Plan de Choque de Radiodiagnóstico para axilizar probas vinculadas a altas de pacientes.

Convén tamén salientar que as condicións estruturais e de espazos nas urxencias hospitalarias de Vigo, aspecto que obviamente condiciona a atención e a estancia dos pacientes, mellorarán ostensiblemente coa entrada en funcionamento do Novo Hospital Público 'Álvaro Cunqueiro'.

Nos PACS, Puntos de Atención Continuada, da EOXI de Vigo, tamén nese período concreto entre o 16 de decembro de 2014 e o 15 de xaneiro de 2015, rexistráronse 26.891 atencións, o que supón un aumento do 21,15% respecto ao mesmo intervalo do ano anterior: 4.695 urxencias máis. É dicir, o aumento foi moito máis significativo en Atención Primaria que nos hospitais, o que quere dicir que os pacientes acoden en maior medida ao dispositivo que teñen máis preto do seu domicilio.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Como non pode ser doutro xeito, lamentamos os trastornos que a recente situación de hiperfrecuentación das urxencias sufriron algúns dos nosos cidadáns e as súas familias; non lles caiba dúbida de que todo o noso sistema pensa neles, e de que, a pesar de que puntualmente poidan existir problemas, traballamos con rigor para que teñan unha atención cada vez de máis calidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32896**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade respecto da implantación dun servizo de hemodinámica durante as 24 horas do día no Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo”**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A provincia de Lugo dispón nestes momentos dunha sala de hemodinámica, que puxo a funcionar este Goberno en xaneiro de 2014.

De acordo cos datos de que dispoñemos agora mesmo, e coas recomendacións científicas actuais enriba da mesa, Galicia ten a dotación de unidades e salas de hemodinámica e a distribución xeográfica que necesita.

Os datos de mortalidade global e específica axustada por idade por Infarto Agudo de Miocardio (IAM) son moi similares nas provincias de Lugo e de Coruña, é dicir, non hai diferenza significativa entre a mortalidade destas provincias.

Neste eido, cabe destacar que Galicia é unha comunidade autónoma que, pese ao avellentamento da súa poboación, maior que a de outras comunidades, presenta uns resultados na atención ao Infarto Agudo de Miocardio mellores que a media do Sistema Nacional de Saúde (SNS). Nesto ten moito que ver o noso PROGALIAM, Programa Galego de Infarto Agudo de Miocardio, probablemente o mellor de toda España para IAM.

Tanto Lugo como Ourense, que son as dúas provincias que neste momento teñen unha sala de hemodinámica para facer o 90% de procedementos de hemodinámica, teñen a mesma garantía de calidade que o resto das provincias.

Ademais, actualmente estase a desenvolver un novo rexistro para estas patoloxías en Galicia de acordo coas recomendacións dos nosos profesionais. Unha vez obteñamos novos datos, o Sergas deberá analizalos para poder tomar así as medidas oportunas que garantan o mantemento da calidade, seguridade e equidade que agora teñen os pacientes de toda a comunidade autónoma.

É falso que se estea discriminando a Lugo, máis ben ao contrario: Lugo conta agora cunha sala de hemodinámica, cando antes non se dispuña dela. E o funcionamento é exactamente igual que a sala de Ourense, que puxo en funcionamento o Goberno bipartito. Por tanto dicir que Lugo está discriminado non se axusta á realidade. Si estivo discriminada durante o Goberno bipartito, que non foi quen de dotar e abrir o novo hospital nin de dotar a Lugo dunha sala de hemodinámica, algo que sí fixo en Ourense. Por certo, tamén en horario de 8 a 15.

Pola súa banda, este Goberno continuará a dotar a Lugo de novos medios e servizos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

A circular official stamp of the Xunta de Galicia, specifically for the Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias. The stamp features the Galician coat of arms in the center. Overlaid on the stamp is a handwritten signature in black ink, which appears to read 'Blanca'.

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 32913**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a resposta da Consellería de Sanidade ao requirimento de asinamento do novo protocolo de colaboración co Concello de Narón para a execución das obras de construción dun novo centro de saúde e as intencións e previsións do Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 415 do 12 de febreiro de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En decembro de 2008, o Concello de Narón, por medio do seu alcalde, asinou coa Consellería de Sanidade, representada pola Conselleira Dona María José Rubio Vidal, un Protocolo de Colaboración para a construción dun novo Centro de Saúde en terreos deste Concello.

O documento contempla unha serie de cláusulas e condicións para ambas as dúas Administracións e un escenario temporal. Pasou o tempo, e o Goberno Local non cumpriu as condicións das cláusulas que o obrigaban, por un lado, á dotación orzamentaria nos exercicios 2009, 2010 e 2011 e, por outro, á entrega e posta a disposición da Xunta de Galicia dos terreos.

O xerente do Servizo Galego de Saúde, Antonio Fernández-Campa, recibiu o 14 de abril de 2015 no seu despacho ao alcalde de Narón, José Manuel Blanco, para falar das infraestruturas sanitarias de atención primaria deste concello. Tal e como lle manifestou o xerente ao rexidor municipal, o Sergas segue interesado en construír un novo centro de saúde, a fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da cidadanía.

Porén, a vía formulada mediante a formalización dun protocolo de colaboración entre o Concello de Narón e a Administración sanitaria galega, semellante ao formalizado no 2008 e

que finalizou a súa vixencia, non conta nestes momentos cos informes preceptivos, polo que ambas partes acordaron buscar outras solucións alternativas para acadar o obxectivo fixado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33888**, formulada polo Grupo Parlamentario do Grupo Mixto, a iniciativa de dona Carmen Iglesias Sueiro, sobre **“a denuncia referida á perda de expedientes de solicitude de tratamento para doentes de hepatitis C”**, (publicada no BOPG número 426 do 5 de marzo de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En relación ás declaracións manifestadas pola Plataforma de afectados pola Hepatite C relativa a expedientes correspondentes á Xerencia de Xestión Integrada de Santiago, hai que manifestar que todos os doentes desta área sanitaria están correctamente identificados e seguidos. A Xerencia de Xestión Integrada de Santiago está a dispensar os novos tratamentos contra a Hepatite C a doentes aqueixados con esta patoloxía que o precisan, segundo os criterios definidos e publicados pola Axencia Española do Medicamento. No estudo dos casos tramitados con anterioridade á aprobación dos novos criterios detectáronse fallos nos circuitos, nunca extravíos, que xa foron revisados e subsanados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34349**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a valoración da Consellería de Sanidade en relación coa dimisión de nove membros da Comisión Galega de Bioética, as razóns existentes para non publicar o seu informe sobre desigualdades na asistencia sanitaria, así como as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 430 do 12 de marzo de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As consideracións da Comisión Galega de Bioética recollidas no informe de Desigualdades na Asistencia Sanitaria aprobado en setembro de 2014 fan unha valoración do Real Decreto 16/2012 de medidas urxentes para garantir a sostenibilidade do Sistema Nacional de Saúde, elaborado polo Ministerio de Sanidade.

En consecuencia, o devandito informe non fai referencia algunha ao Servizo Galego de Saúde, nin á súa asistencia, nin ás súas infraestruturas, nin á calidade das súas prestacións, nin a organización dos seus recursos humanos.

En todo caso, a Consellería de Sanidade agradece as achegas feitas neste informe, como todas as que recibe dos distintos consellos asesores dos que dispón para levar a cabo as políticas dun servizo indispensable para as galegas e os galegos, como é a sanidade pública.

A conselleira de Sanidade mantivo o pasado 10 de marzo unha reunión cos integrantes da Comisión Galega de Bioética. No transcurso desa reunión realizouse unha análise sobre o funcionamento desta comisión e das posibles melloras no seu funcionamento para dotala de maior independencia, e acordouse emitir este comunicado conxunto.

Na reunión houbo pleno acordo en que o obxectivo da Comisión Galega de Bioética debe seguir sendo velar pola protección dos dereitos fundamentais, propoñer debates na sociedade mediante a difusión de documentos e, neste eido, acordouse a conveniencia de darlle difusión ao documento relativo ás desigualdades na asistencia sanitaria elaborado durante o último ano.

O devandito informe atópase dispoñible na web do Servizo Galego de Saúde:

[http://www.sergas.es/Docs/Bioetica/desigualdade\\_ga\\_031014\\_2.pdf](http://www.sergas.es/Docs/Bioetica/desigualdade_ga_031014_2.pdf)

A Conselleira trasladou ao mesmo tempo o seu agradecemento a todos os membros integrantes da Comisión Galega de Bioética polo traballo realizado e polas súas aportacións tanto á organización sanitaria como á sociedade en xeral.

Nesa liña, a Consellería de Sanidade vén de publicar o pasado 22 de maio, na súa páxina web, o anteproxecto da Orde polo que se crea e se regulan as funcións, a composición e o funcionamento do Consello Galego de Bioética, co propósito de que aqueles colectivos ou particulares que o consideren oportuno fagan as alegacións, achegas ou suxestións ao texto, para, deste xeito, poder enriquecelo. Asemade, este anteproxecto xa foi remitido aos actuais membros do Consello.

No novo texto, refórzase o carácter independente do Consello, establecéndose que a persoa titular da presidencia será elixida de entre os vogais que conforman o órgano por unha maioría reforzada de dous terzos.

Ademais, ao constituírse como un órgano asesor de carácter transversal que asesorará a entidades, organizacións e institucións de carácter sanitario, tanto públicas como privadas, o Consello adscribíase organicamente á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, que será encargada de asegurar o funcionamento do mesmo (con anterioridade o Consello dependía da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde).



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Co novo texto preténdese tamén, dar un impulso definitivo á bioética, ampliando o abano das titulacións dos membros do Consello (ciencias da saúde, humanidades ou ciencias xurídicas e sociais), na procura de afondar no debate na sociedade sobre esta materia na práctica sanitaria. Ademais, polo menos, un terzo dos membros deberá ter formación en bioética.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34866**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a taxa de reposición acadada e a insuficiencia do número de prazas que vai convocar o Sergas na oferta pública de emprego para o ano 2015”**, (publicada no BOPG número 434 do 23 de marzo de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A estabilidade no emprego constitúe uns dos principios inspiradores da estratexia do Servizo Galego de Saúde, e por iso neste Organismo convocamos periodicamente procedementos selectivos para a adquisición da condición de persoal estatutario fixo.

A incorporación de persoal fixo ás institucións sanitarias contribúe a acadar maiores niveis de eficacia, favorecendo a conformación de equipos estables de traballo, con baixos niveis de rotación. Isto redunda nun maior grao de satisfacción dos/as usuarios/as, e contribúe a unha xestión mais eficiente dos recursos públicos.

A Administración sanitaria vén obrigada a respectar, nos últimos anos, por exixencia da normativa estatal básica a taxa de reposición establecida para sanidade nas ofertas públicas de emprego, polo que soamente pode convocar unha porcentaxe das vacantes, as cales, ademais, por exixencia da citada normativa, debe calcularse sobre as xeradas no ano anterior.

Nos anos 2012, 2013 e 2014 a taxa máxima de reposición foi do 10%, e temos esgotado esta taxa máxima ofertando o 10% das vacantes xeradas no ano anterior a que se refire a oferta,

No ano 2015 a Consellería de Sanidade e a Xunta de Galicia foron quen de solicitar ante o Ministerio de Facenda e acadar un incremento da taxa de reposición ao 50%, porcentaxe que temos intención de esgotar este ano.

En efecto, publicouse unha nova oferta de 344 prazas, que xa foi tratada na mesa sectorial de sanidade do 17 de marzo pasado, e aprobado no Consello da Xunta. Comprenderá, en diferentes porcentaxes, todos os colectivos de facultativos, diplomados sanitarios e de formación profesional, e de xestión e servizos.

A distribución é a seguinte:

- Persoal licenciado sanitario:

- 72 FEAS de ata dezaseis especialidades
- 42 médicos de familia de atención primaria
- 6 médicos coordinadores 061
- 2 médicos asistenciais 061
- 4 odontólogos de atención primaria

- Persoal diplomado sanitario e de FP:

- 80 enfermeiros/as
- 6 matronas
- 6 fisioterapeutas
- 60 auxiliares de enfermería
- 26 técnico en farmacia

- Persoal de xestión e servizos:

- 7 grupo técnico da función administrativa
- 19 persoal técnico superior en prevención de riscos laborais
- 3 técnicos de xestión de sistemas e tecnoloxías da información
- 5 técnicos especialistas de sistemas e tecnoloxías da información
- 6 traballadores sociais

A distribución das categorías nesta oferta responden ás necesidades asistenciais e organizativas identificadas no Organismo - reforzando as categorías profesionais de contido máis asistencial - , e aos seguintes obxectivos da planificación do emprego:

■





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


- A atención aos ámbitos e sectores da actividade sanitaria con necesidades específicas de dotación permanente de efectivos.
- O dimensionamento do volume de efectivos segundo as necesidades.
- A eficiencia das políticas de recursos humanos e a eficacia na súa distribución territorial.
- A estabilización de profesionais sanitarios.

En paralelo, negociarase coas organizacións sindicais as convocatorias das restantes categorías, sanitarias e non sanitarias, que, nalgúns casos, requirirán un previo concurso de traslados para non frustrar as lexítimas expectativas do persoal que xa ostenta a condición de estatutario fixo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35061**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do arranxo das instalacións do Conservatorio Superior de Música de Vigo e a súa opinión en relación cos criterios seguidos para a concesión e denegación de novas especialidades aos conservatorios de música”**, (publicada no BOPG número 437 do 26 de marzo de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 36457 e debatida na Comisión 4ª de data 3/6/2015, á que nos remitimos.

Concretamente, nesta resposta aclaráronse as previsións en canto ás reformas que a CCEOU ten previsto levar a cabo no Conservatorio Superior de Música de Vigo neste ano 2015, tanto en restauracións de elementos estruturais como a reparación da cuberta.

Así mesmo deuse conta do investimento e as melloras que a CCEOU leva feito neste centro durante a pasada lexislatura e o que levamos da presente.

Ao mesmo tempo, expúxose a oferta de especialidades nos conservatorios superiores de música públicos en Galicia e os criterios utilizados.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35328**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“a necesidade de dotar a comarca do Salnés dun servizo permanente de ambulancia medicalizada ou de soporte vital avanzado, as intencións do Goberno galego ao respecto e o prazo previsto para ese fin”**, (publicada no BOPG número 437 do 26 de marzo de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia (en adiante FPUSG-061) xestiona un conxunto de recursos de soporte vital avanzado (SVA) e Soporte Vital Básico (SVB), que constitúen a Rede de Transporte Sanitario de Galicia (en adiante RTSUG-061).

Trátase dunha rede de ambulancias, deseñada para atender ás diversas necesidades de asistencia e transporte sanitario á urxencia e emerxencia extrahospitalaria, que funciona de forma integral, permanente e coordinada, a través da Central de Coordinación de Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (en adiante CCUSG-061).

A RTSUG-061 está formada polos seguintes recursos asistenciais:

- 11 ambulancias asistenciais de SVA (AA-SVA) medicalizadas, ubicadas nas grandes cidades: A Coruña (2), Ferrol, Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra, Sanxenxo (en época estival), Vigo, Mos, Lugo e a Mariña Lucense, que realizan a súa actividade asistencial no ámbito extrahospitalario, fundamentalmente. En xullo de 2010 incorpórase, formando parte dunha experiencia piloto actualmente consolidada, a ambulancia medicalizada con base na Mariña Lucense (Foz), que asume, ademais da asistencia á urxencia e emerxencia extrahospitalaria, a realización dos traslados interhospitalarios dos pacientes críticos do Hospital da Costa (Burela).
- 101 ambulancias asistenciais de SVB (AA-SVB) distribuídas por toda a xeografía galega, seguindo criterios de demanda asistencial, dispersión e isócrona (a isócrona

está establecida en aproximadamente 20 minutos en medio rural e 10 minutos en medio urbano)


- Ademais disto, a FPUSG-061 xestiona para a asistencia sanitaria os dous helicópteros de emerxencias medicalizados, e ubicados nas cidades de Ourense e Santiago.

A distribución das ambulancias da RTSUG-061 en toda a xeografía galega realízase agrupándoas en 14 áreas de transporte sanitario urxente.

A cobertura de transporte sanitario urxente e asistencia extrahospitalaria á urxencia e emerxencia na área do Salnés realízase polos recursos da área de Transporte Sanitario Urxente de Salnés/A Estrada, que conta cos seguintes recursos:

Área de Transporte Sanitario Urxente de Salnés/A Estrada:

UBICACIÓN BASE	ZONA DE COBERTURA	SVB		SVA
		12 H.	24 H.	24 H.
A Estrada	Cerdedo, A Estrada e Forcarei.		1	
Caldas de Reis	Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas.		1	
Cambados	Cambados, Illa de Arousa, 1/2 Meaño, Meis e Ribadumia.		1	
O Grove	O Grove.		1	
Sanxenxo-Portonovo	1/2 Meaño e Sanxenxo. (SVA:Xullo/Agosto)		1	1
Vilagarcía	Catoira, Vilagarcía e Vilanova de Arousa.		1	



**Mapa 1: Area sanitaria urxente de Salnés/A Estrada**

### Actividade na área do Salnés:

Para analizar se teñen cambiado as necesidades de recursos na área de O salnés, podemos analizar os datos de demanda de asistencia extrahospitalaria xestionada pola FPUSG-061, atopamos os seguintes datos:

### Demanda na zona. Procesos xerados no período 2009-2013-2014

2009					
Municipio	Demand a	Proces os	Solicitados A.P.	Sin Movilizacion	Con Movilizacion
CAMBADOS	1.922	1.653	343	486	824
GROVE, O	2.024	1.718	471	521	726
ILLA DE AROUSA, A	548	441	48	143	250
MEAÑO	591	498	73	123	302
MEIS	735	595	47	197	351
RIBADUMIA	668	584	107	132	345
SANXENXO	3.745	3.186	680	968	1.538
VILAGARCIA DE AROUSA	6.078	5.291	643	2.034	2.614
VILANOVA DE AROUSA	1.442	1.202	154	378	670
	17.753	15.168	2.566	4.982	7.620

<b>2013</b>					
Municipio	Demand a	Proces os	Solicitados A.P.	Sin Movilizacion	Con Movilizacion
CAMBADOS	1.778	1.633	455	468	710
GROVE, O	1.595	1.449	384	415	650
ILLA DE AROUSA, A	444	411	46	134	231
MEAÑO	546	477	75	121	281
MEIS	592	533	42	184	307
RIBADUMIA	518	465	83	93	289
SANXENXO	2.699	2.460	442	773	1.245
VILAGARCIA DE AROUSA	5.133	4.825	515	1.839	2.471
VILANOVA DE AROUSA	1.337	1.211	138	376	697
	<b>14.642</b>	<b>13.464</b>	<b>2.180</b>	<b>4.403</b>	<b>6.881</b>

<b>2014</b>					
Municipio	Demand a	Proces os	Solicitados A.P.	Sin Movilizacion	Con Movilizacion
CAMBADOS	1.850	1.708	476	490	742
GROVE, O	1.740	1.601	461	459	681
ILLA DE AROUSA, A	536	481	46	164	271
MEAÑO	515	467	78	106	283
MEIS	788	695	67	238	390
RIBADUMIA	537	482	87	108	287
SANXENXO	2.927	2.666	428	840	1.398
VILAGARCIA DE AROUSA	5.604	5.276	502	2.228	2.546
VILANOVA DE AROUSA	1.298	1.177	124	364	689
	<b>15.795</b>	<b>14.553</b>	<b>2.269</b>	<b>4.997</b>	<b>7.287</b>

Durante o ano 2014, aumentou lixeiramente a demanda de asistencia extrahospitalaria na zona con respecto ao ano 2013, aínda que se a comparamos co ano 2009, non tense modificado.

#### **Mobilizacións en emerxencias 2009-2013-2014**

Unha vez analizado que non existen cambios significativos na demanda, cómpre analizar se



ten habido cambios nas mobilizacións de recursos:

<b>2009</b>						
<b>Municipio</b>	<b>EMERXENCIAS</b>					<b>Total</b>
	<b>A.M.</b>	<b>Médico AP</b>	<b>AA-SVB</b>	<b>Helico.</b>	<b>Conv.</b>	
CAMBADOS	6	117	698	4	123	947
GROVE, O	24	106	888	2	14	1.035
ILLA DE AROUSA, A	0	48	146	1	33	228
MEAÑO	11	44	191	0	3	249
MEIS	21	53	196	1	43	314
RIBADUMIA	6	53	217	0	30	306
SANXENXO	123	166	1.549	2	12	1.852
VILAGARCIA DE AROUSA	4	294	1.566	1	391	2.256
VILANOVA DE AROUSA	3	100	381	1	80	565
<b>Total General</b>	<b>198</b>	<b>981</b>	<b>5.832</b>	<b>12</b>	<b>729</b>	<b>7.752</b>

<b>2013</b>						
<b>Municipio</b>	<b>EMERXENCIAS</b>					<b>Total</b>
	<b>A.M.</b>	<b>Médico AP</b>	<b>AA-SVB</b>	<b>Helico.</b>	<b>Conv.</b>	
CAMBADOS	5	134	671	5	158	973
GROVE, O	25	102	762	2	4	895
ILLA DE AROUSA, A	0	56	136	2	28	222
MEAÑO	11	56	181	0	4	252
MEIS	32	57	170	2	25	286
RIBADUMIA	7	65	175	3	49	299
SANXENXO	114	176	1.225	2	4	1.521
VILAGARCIA DE AROUSA	2	321	1.490	2	366	2.181
VILANOVA DE AROUSA	2	137	373	3	70	585
<b>Total General</b>	<b>198</b>	<b>1.104</b>	<b>5.183</b>	<b>21</b>	<b>708</b>	<b>7.214</b>

<b>2014</b>		
<b>Municipio</b>	<b>EMERXENCIAS</b>	<b>Total</b>

	A.M.	Médico	AA-SVB	Helico.	Conv.	
CAMBADOS	8	143	793	4	117	1.065
GROVE, O	17	85	822	0	3	927
ILLA DE AROUSA, A	1	60	165	2	28	256
MEAÑO	20	49	194	0	4	267
MEIS	28	60	238	0	28	354
RIBADUMIA	7	57	175	2	24	265
SANXENXO	127	196	1.204	2	10	1.539
VILAGARCIA DE AROUSA	4	376	1.450	2	414	2.246
VILANOVA DE AROUSA	0	112	367	2	79	560
<b>Total General</b>	<b>212</b>	<b>1.138</b>	<b>5.408</b>	<b>14</b>	<b>707</b>	<b>7.479</b>

As mobilizacións totais aumentaron lixeiramente durante o ano 2014, aínda que este aumento realizouse con recursos propios, non aumentando a mobilización de recursos alleos.

#### Tempos de resposta 2013-2014

O tempo medio de resposta na zona cos recursos dos que dispón a FPUSG-061 durante os anos 2013 e 2014 foi a seguinte:

Tempos de resposta				
Municipio	2009	2014	2013	Recursos
CAMBADOS		0:20:2 4	0:22:3 8	Helicóptero Medicalizado
	00:12:16	0:19:0 6	0:20:4 1	Ambulancia Medicalizada
	00:07:02	0:08:3 6	0:07:5 6	AA-SVB.
GROVE, O	00:30:14		0:20:4 4	Helicóptero Medicalizado
	00:17:44	0:17:1 2	0:15:3 9	Ambulancia Medicalizada
	00:08:11	0:08:0	0:08:0	AA-SVB.





# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

		5	8	
ILLA DE AROUSA, A				
	00:21:57	0:23:4 5	0:16:2 8	Helicóptero Medicalizado
		0:29:0 8		Ambulancia Medicalizada
	00:15:14	0:15:5 5	0:15:2 7	AA-SVB.
MEANO				
	00:11:43	0:15:0 7	0:11:18	Ambulancia Medicalizada
	00:13:16	0:14:0 9	0:13:4 0	AA-SVB.
MEIS				
			0:23:4 5	Helicóptero Medicalizado
	00:17:44	0:19:0 0	0:19:2 8	Ambulancia Medicalizada
	00:16:20	0:17:0 4	0:16:1 6	AA-SVB.
RIBADUMIA				
		0:21:0 1	0:22:4 9	Helicóptero Medicalizado
	00:18:43	0:16:5 9	0:18:4 2	Ambulancia Medicalizada
	00:11:43	0:13:1 5	0:12:3 3	AA-SVB.
SANXENXO				
			0:33:5 6	Helicóptero Medicalizado
	00:07:50	0:08:2 6	0:09:3 8	Ambulancia Medicalizada
	00:09:22	0:09:4 5	0:09:3 7	AA-SVB.
VILAGARCIA DE AROUSA				
			0:22:0 7	Helicóptero Medicalizado
	00:20:42	0:21:3	0:29:4	Ambulancia Medicalizada

		1	8	
	00:13:08	0:07:47	0:07:22	AA-SVB.
VILANOVA DE AROUSA				
	00:23:03		0:23:42	Helicóptero Medicalizado
	00:13:18	0:13:01	0:13:38	AA-SVB.
	00:26:29		0:28:01	Ambulancia Medicalizada

Como vemos nas táboas, os tempos de resposta na zona tense mantido sen variacións significativas respecto ao ano 2009, durante os anos 2013 e 2014.

#### Traslados medicalizados 2009-2013-2014

Se analizamos o número de traslados realizados que se realizan medicalizados na zona, atopamos os seguintes datos, cun lixeiro incremento de traslados medicalizados nos anos 2009, 2013 e 2014, aínda que non tendo incrementado o número de traslados medicalizados por ambulancias non pertencentes á RTSU:

2009					Total
Recursos	Centro de Salud		Hospital		
	Emergencias	T.U.D.	Emergencias	T.U.D.	
Ambulancia Medicalizada	6	0	96	0	102
Ambulancia NO RTSU	19	0	87	11	117
Ambulancia AA-SVB+AP	130	3	511	81	725
Helicóptero Medicalizado	0	0	3	0	3
	<b>155</b>	<b>3</b>	<b>697</b>	<b>92</b>	<b>947</b>

2013					Total
Recursos	Centro de Salud		Hospital		
	Emergencias	T.U.D.	Emergencias	T.U.D.	
Ambulancia Medicalizada	17	0	120	0	137

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Ambulancia NO RTSU	9	0	94	14	117
Ambulancia AA-SVB+AP	113	5	624	92	834
Helicóptero Medicalizado	0	0	7	0	7
	<b>139</b>	<b>5</b>	<b>845</b>	<b>106</b>	<b>1095</b>

<b>2014</b>					<b>Total</b>
<b>Recursos</b>	<b>Centro de Salud</b>		<b>Hospital</b>		
	<b>Emergencias</b>	<b>T.U.D.</b>	<b>Emergencias</b>	<b>T.U.D.</b>	
Ambulancia Medicalizada	16	0	114	0	130
Ambulancia NO RTSU	9	0	106	11	126
Ambulancia AA-SVB+AP	113	8	665	108	894
Helicóptero Medicalizado	0	0	1	0	1
	<b>138</b>	<b>8</b>	<b>886</b>	<b>119</b>	<b>1151</b>

**Transferencias medicalizadas 2009-2013-2014**

No caso de que o recurso mais cerca sexa una AA-SVB e a asistencia non se poida demorar, sempre se valora realizar a asistencia inicial cunha ambulancia de SVB, xeralmente xunto co médico de AP, iniciar o traslado e realizar unha transferencia nun punto intermedio do camiño. Desta forma, adiántase a chegada do paciente ao recurso de SVA.

Durante os anos 2009, 2013 e 2014, realizáronse as seguintes transferencias en ruta, non presentando variacións significativas entre os anos 2009 e os 2013-2014:

<b>2009</b>		
<b>Municipio</b>	<b>Recursos</b>	<b>Total</b>
CAMBADOS	Ambulancia SVB	3
	Ambulancia Convencional	2
GROVE, O	Ambulancia SVB	15
	Ambulancia Convencional	1
ILLA DE AROUSA, A	Ambulancia SVB	1
	Ambulancia Convencional	1
MEAÑO	Ambulancia Convencional	1
	Ambulancia Medicalizada	1
MEIS	Ambulancia SVB	1

SANXENXO	Ambulancia Medicalizada	2
	Ambulancia SVB	14
	Ambulancia Convencional	1
VILAGARCIA DE AROUSA	Ambulancia SVB	1
		<b>44</b>

### 2013

Municipio	Recursos	Total
CAMBADOS	Ambulancia SVB	11
	Ambulancia Convencional	1
GROVE, O	Ambulancia SVB	17
ILLA DE AROUSA, A	Ambulancia SVB	1
	Ambulancia Convencional	1
MEAÑO	Ambulancia SVB	1
RIBADUMIA	Ambulancia SVB	2
	Ambulancia Convencional	1
SANXENXO	Ambulancia Medicalizada	2
	Ambulancia SVB	22
VILAGARCIA DE AROUSA	Ambulancia SVB	1
	Ambulancia Convencional	1
VILANOVA DE AROUSA	Ambulancia SVB	1
		<b>62</b>

### 2014

Municipio	Recursos	Total
CAMBADOS	Ambulancia SVB	6
GROVE, O	Ambulancia SVB	14
ILLA DE AROUSA, A	Ambulancia SVB	1
MEAÑO	Ambulancia SVB	1
MEIS	Ambulancia SVB	1
	Ambulancia Convencional	1
RIBADUMIA	Ambulancia Convencional	1
SANXENXO	Ambulancia SVB	14
	Ambulancia SVB	1
VILAGARCIA DE AROUSA	Ambulancia SVB	3
		<b>43</b>

Dos datos de actividade da zona, podemos concluír que existe unha alta demanda por ter unha alta densidade de poboación, aínda que a cobertura da zona estase a realizar de



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

forma adecuada, de acordo cos recursos dispoñibles.

Polo tanto, a vista dos datos, non existe variacións significativas na mobilización de recursos comparando o ano 2009, e o período 2013-2014.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35362**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información e as actuacións previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en relación coas supostas irregularidades que se están a producir no funcionamento do Colexio Santa Apolonia, de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 437 do 26 de marzo de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa situación de funcionamento do Colexio privado Santa Apolonia de Santiago de Compostela, dicir que, desde o momento en que ten coñecemento da situación de agrupamento de alumnado de educación secundaria obrigatoria, a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria, a través da súa Xefatura Territorial da Coruña e dos órganos competentes dos servizos centrais, iniciou e levou a cabo as actuacións precisas seguindo os trámites establecidos na normativa vixente, coa finalidade de acadar o normal desenvolvemento das actividades académicas do centro educativo cumprindo as normas de réxime académico e respectando os dereitos do alumnado.

Na actualidade, está a realizar a incoación dun expediente que, logo da tramitación correspondente, podería resolverse coa revogación da autorización do centro no relativo ás ensinanzas de educación secundaria obrigatoria por incumprimento das normas de réxime académico, en aplicación do disposto no artigo 18 do Decreto 133/1995, de 10 de maio, sobre autorización de centros docentes privados para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias.

O citado expediente, cuxa xestión corresponde á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, tramítase seguindo o procedemento que sinala a Orde do 20 de setembro de 1995 que desenvolve o devandito decreto de autorización de centros privados. A proposta

de resolución definitiva do expediente será, de ser o caso, elevada ao Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación universitaria e, se é o caso, publicárase no Diario Oficial de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35691**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Consellería de Sanidade respecto das razóns da diferenza existente entre a taxa de mortalidade na provincia de Lugo por infarto de miocardio e as medias nacional e galega”**, (publicada no BOPG número 443 do 7 de abril de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As cifras do INE empregadas no argumentario da pregunta son taxas de mortalidade brutas. Estas non resultan adecuadas para as comparacións que realizan:

- Entre outros, non ten en conta un factor de axuste ao que non se lle da a súa relevancia fundamental: a idade. En especial, considerando que estamos comparando poboacións nas que o grado de envellecemento é diferente.
- Como é ben coñecido, a idade en un factor moi relevante na mortalidade por infarto. Independentemente do tipo de asistencia prestado, a mortalidade será maior en aquelas poboacións máis envellecidas.
- Cómpre, en consecuencia, empregar taxas non brutas, senon axustadas por idade. Estas taxas eliminan o factor de confusión inducido precisamente polas diferencias na idade entre as poboacións comparadas.

Por tanto, e polo que respecta á taxa de mortalidade por infarto de miocardio, cómpre sinalar, de acordo cos datos facilitados polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, baseada no rexistro de altas hospitalarias do conxunto mínimo básico de datos (CMBD) dos hospitais do Sistema Nacional de Saúde, no último ano publicado, 2012, que a taxa de mortalidade por infarto agudo de miocardio, axustada por idade e sexo, foi en



Galicia do 4,62%, sensiblemente por debaixo da media de todo o SNS, situada no 5,74%, con taxas tamén inferiores nas distintas provincias.

Así pois, e a pesar de contar cun factor clave determinante neste tipo de patoloxías como é o da idade, non existe evidencia algunha, en contra do que sosteñen na pregunta, de que os resultados en saúde da poboación da provincia de Lugo, que conta cun grao de envellecemento mais acusado, sexan peores aos doutras áreas de Galicia. A modo de exemplo, na provincia da Coruña a taxa de mortalidade bruta ven sendo do 6,1% e a axustada por idade do 4,4%, mentres que na provincia de Lugo as taxas son do 6,2% e do 3,2% respectivamente, isto é, por baixo da provincia da Coruña.

Con carácter xeral a Consellería de Sanidade ten posto en marcha unha serie de iniciativas dirixidas á mellorar a atención aos doentes afectados por infarto agudo de miocardio (IAM). Así por exemplo, Galicia conta dende o ano 2005 cun programa de atención ao infarto, o PROGALIAM, o cal se orienta, a través dos correspondentes protocolos clínicos, a mellorar a condición dos diferentes axentes que interveñen na atención a estes pacientes, buscando reducir a mortalidade e morbilidade provocada polo IAM. Asemade, o funcionamento en rede do programa, garante a mesma calidade na atención en todo o territorio da nosa Comunidade Autónoma.

Nesta mesma liña, a Consellería conta tamén cunha valiosa ferramenta, que é o Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio, que permite dispoñer dunha información útil e sistematizada para a realización de estudos epidemiolóxicos, clínicos e de investigación, servindo ademais para adaptar os recursos humanos e materiais ás necesidades das distintas estruturas organizativas de xestión integrada e optimizar a planificación sanitaria.

No caso concreto da provincia de Lugo, esta conta ademais cunha sala de hemodinámica que antes non tiña, a cal mantén o mesmo horario que a sala de hemodinámica de Ourense e Pontevedra, e faise de acordo coa maioría de cardiólogos, hemodinamistas e cirurxiáns cardíacos, que abogan por manter o actual modelo organizativo en tanto non se dispoña dos datos precisos extraídos do anterior rexistro. Neste sentido cómpre traer a colación a recomendación da Sociedad Española de Cardiología, recollida no informe de proxecto RECALCAR (2014) no que se indica, dentro do apartado de boas prácticas, que 'o mantemento do programa ICP-p require un ámbito poboacional de influencia suficiente (mais de 600.000 habitantes), unha plantilla de hemodinamistas (catro como mínimo) para





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35792**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre **“as razóns da Consellería de Sanidade para iniciar os trámites para reducir o número de enfermidades metabólicas, endócrinas ou xenéticas controladas nas probas de cribado neonatal, e a valoración do seu futuro impacto para os doentes, as súas familias e o sistema sanitario público”**, (publicada no BOPG número 443 do 7 de abril de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública da Consellería de Sanidade, tras recoller as achegas dos seus clínicos no deseño do programa de cribado de metabolopatías, segundo o cal se manteñen as patoloxías que se viñan cribando ata o de agora, incluídas as sete patoloxías indicadas polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.

Unha vez analizadas as indicacións do ministerio, traballouse conxuntamente cos profesionais o deseño conxunto do programa, de xeito que se mantén a súa elevada calidade, como demostra a designación da Unidade do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago como centro de referencia en Metabolopatías para toda España (CESUR).

Tal e como se tiña anunciado, Galicia inclúe no programa as sete patoloxías consensuadas para o Sistema Nacional de Saúde e recomendadas polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, unha das cales é nova na nosa carteira de servizos -anemia falciforme-. Ademais, manterá no programa 22 patoloxías adicionais a estas recomendacións, o que supón un total de 29 patoloxías.

Unha vez consensuado o programa, a Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública manterá, como se viña facendo ata o de agora, reunións periódicas cos participantes no programa coa fin de facer un seguimento da evolución e dos resultados.

Deste xeito, no futuro se poderá seguir mellorando o programa en aspectos como a comunicación, a información aos titores, ou a recollida de mostras.

A Consellería de Sanidade cumpre deste xeito co obxectivo de manter e mellorar o programa de cribado de metabolopatías neonatais para dar a mellor asistencia sanitaria aos seus pacientes, en traballo conxunto cos seus profesionais para acadar este obxectivo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





# XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35798**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os prazos previstos pola Consellería de Sanidade para a entrada en funcionamento dos servizos de Hemodinámica 24 horas, Radioterapia e Medicina Nuclear no Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo, así como a posta en valor do antigo Hospital Xeral”**, (publicada no BOPG número 443 do 7 de abril de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A provincia de Lugo dispón nestes momentos dunha sala de hemodinámica, que puxo a funcionar este Goberno en xaneiro de 2014. De acordo cos datos de que dispoñemos agora mesmo, e coas recomendacións científicas actuais enriba da mesa, Galicia ten a dotación de unidades e salas de hemodinámica e a distribución xeográfica que necesita.

Os datos de mortalidade global e específica axustada por idade por Infarto Agudo de Miocardio (IAM) son moi similares nas provincias de Lugo e de Coruña, é dicir, non hai diferenza significativa entre a mortalidade destas provincias.

Neste eido, cabe destacar que Galicia é unha comunidade autónoma que, pese ao avellentamento da súa poboación, maior que a de outras comunidades, presenta uns resultados na atención ao Infarto Agudo de Miocardio mellores que a media do Sistema Nacional de Saúde (SNS). Nesto ten moito que ver o noso PROGALIAM, Programa Galego de Infarto Agudo de Miocardio, probablemente o mellor de toda España para IAM.

Tanto Lugo como Ourense, que son as dúas provincias que neste momento teñen unha sala de hemodinámica para facer o 90% de procedementos de hemodinámica, teñen a mesma garantía de calidade que o resto das provincias.

Ademais, actualmente estase a desenvolver un novo rexistro para estas patoloxías en Galicia de acordo coas recomendacións dos nosos profesionais. Unha vez obteñamos novos datos, o Sergas deberá analizalos para poder tomar así as medidas oportunas que garantan o mantemento da calidade, seguridade e equidade que agora teñen os pacientes de toda a comunidade autónoma.

É falso que se estea discriminando a Lugo, máis ben ao contrario: Lugo conta agora cunha sala de hemodinámica, cando antes non se dispuña dela. E o funcionamento é exactamente igual que a sala de Ourense, que puxo en funcionamento o Goberno bipartito. Por tanto dicir que Lugo está discriminado non se axusta á realidade. Si estivo discriminada durante o Goberno bipartito, que non foi quen de dotar e abrir o novo hospital nin de dotar a Lugo dunha sala de hemodinámica, algo que sí fixo en Ourense. Por certo, tamén en horario de 8 a 15.

Pola súa banda, este Goberno continuará a dotar a Lugo de novos medios e servizos.

No que se refire ás instalacións do antigo Hospital, o Servizo Galego de Saúde fixo un estudo para coñecer a situación da parcela e dos edificios. Nesta análise urbanística, observouse que o concello reduciu no seu Plan Xeral a edificabilidade da parcela, de forma que a existente supera a máxima permitida no planeamento aprobado polo concello, e o declara parcialmente fóra de ordenación. Isto obriga á reducir a edificabilidade para adaptalo ao Plan Xeral aprobado polo goberno municipal .

Ademais, dous edificios sitos nesta parcela (o materno e o edificio administrativo), están catalogados no planeamento como edificios protexidos, polo que están sometidos a unha especial protección que impide a súa demolición ou obra de nova planta.

De todos os edificios que conformaban o antigo Hospital- Xeral Calde, o Servizo Galego de Saúde, conserva o centro de especialidades de praza de Ferrol para actividades sanitarias, fundamentalmente de atención primaria, recupera o Hospital de Calde, para acoller os pacientes do Hospital de San Rafael de Castro de Rei e o edificio Administrativo onde antes se situara a Escola Universitaria de Enfermería, para acoller o Hospital de día de Psiquiatría e varias unidades de saúde mental que antes se ubicaban no Hospital de San José e no Centro de Especialidades da Praza de Ferrol.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Polo que respecta ao resto dos edificios, estase a tramitar a súa retrocesión á Tesorería Xeral da Seguridade Social, trámite imprescindible para realizar calquera actuación neles.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35930**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e o prazo previsto polo Goberno galego para a cobertura todos os días da semana da baixa médica dun facultativo no Centro de Saúde da Pobra do Brollón, a espera existente nel para recibir atención e as posibles consecuencias no caso de urxencias e desprazamentos ao hospital de referencia”**, (publicada no BOPG número 449 do 16 de abril de 2015), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:


“No Concello de Pobra de Brollón hai, na actualidade, un total de 1613 persoas con tarxeta sanitaria das que un 45% son persoas maiores de 65 anos. A asistencia lévase a cabo no Centro de Saúde de Pobra de Brollón, onde se dispón dos seguintes recursos humanos: 1 profesional de enfermaría, 1 profesional de servizos xerais e dous médicos de familia (con 842 e 771 usuarios respectivamente). A atención dos nenos dese concello faise por unha pediatra de área. Así mesmo, á atención continuada realízase, no tramo horario de 15.00 a 8:00 horas, no Punto de Atención Continuada de dita vila.

Nos últimos meses, ante a incidencia de que un dos médicos de familia atópase en situación de incapacidade temporal, fixo necesario proceder por parte da Xerencia a unha reorganización das tarefas asistenciais. Para a toma de decisións, o principal criterio técnico que se ten en conta é que todas as sociedades científicas e asociacións médicas están de acordo en que é desexable que o cupo asistencial se sitúe en torno a 1.500 usuarios por médico.

Apoiando este criterio, aceptado por todos os servizos de saúde de España e por os organismos internacionais, poden citarse numerosas fontes bibliográficas. A documentación ao respecto é profusa e podemos citar, como exemplos:

- a) A nivel nacional, o documento 'El ejercicio de la medicina en Atención Primaria en España' editado pola *Confederación Estatal de Sindicatos Médicos (CESM)*, organismo que no seu papel sindical loxicamente fai reivindicacións de máximos. No seu capítulo 4, 'Condiciones necesarias para el ejercicio profesional', apartado 3, cita'... Definir, en base a lo anterior, cupos máximos por profesional modulados según cartera de servicios y características de la población... Médico de Familia: entre 1200 y 1500 habitantes'.
- b) Podémosnos referir tamén aquí ao documento 'Propuestas de avance en atención primaria a iniciativa de la Plataforma 10 minutos y aprobadas por los sindicatos (CCOO, CESM, SIMAP)', organismos todos eles que reivindicán condicións de traballo óptimas, que cita 'Propuesta nº 8: Antes de finalizar 2009 no debe existir ningún médico de familia con un cupo superior a 1700 pacientes adscritos. Propuesta nº 9: Cuando el promedio de todos los cupos de médicos de familia de un EAP sobrepase los 1600 pacientes se iniciará de forma automática la creación de una nueva plaza de médico de familia para ese EAP que se hará efectiva en un plazo máximo de 6 meses.'
- c) En canto ás sociedades científicas españolas de Atención Primaria, existen tres cunha total implantación en todos os servizos de saúde. A *Sociedad Española de Medicina Familiar y Comunitaria (SEMFYC)* publica na súa páxina web os acordos con diferentes servizos de saúde (Aragón, Baleares, Cataluña, Galicia, Navarra e Valencia) que contemplan os 1500 habitantes por médico como ratio desexable. A *Sociedad Española de Medicina General (SEMG)* ten publicado o 'Decálogo de medidas urgentes para la Atención Primaria' que, no seu punto número un, marca o obxectivo de non superar os 1500 habitantes por médico. A *Sociedad Española de Medicos de Atención Primaria (SEMERGEN)* no seu 'Proyecto de mejora de la Atención Primaria de la Salud' cita textualmente 'Establecer un ratio pacientes/médico que en ningún caso supere los 1500 habitantes por médico de familia y 900 por pediatra es una de las aspiraciones que diferentes sociedades y colectivos consideran como objetivos irrenunciables para mejorar la relación médico-paciente.' e no seu punto 4.8 de 'Propuestas de mejora' pide unha ratio de entre 1300 e 1500 usuarios maiores de catorce anos por médico.





d) Abondando mais neste sentido, o documento conxunto do *Foro de Médicos de Atención Primaria*, participado por AEPAP (*Asociación Española de Pediatras de Atención Primaria*), CESM, OMC (Organización Médica Colegial), SEMERGEN, SEMFYC, SEMG y SEPEAP (*Sociedad Española de Pediatría Extrahospitalaria y de Atención Primaria*), no seu apartado 7, Documento 6: 'Adecuar los recursos a las necesidades' cita no seu punto 3 'Revisión del número de pacientes asignados adecuándolos a entre 1300 y 1500 por médico'.

A adopción deste indicador non é un capricho. Se está claro que o exceso de pacientes pode minorar a calidade da atención por dispoñer de menos de tempo, tamén é certo cun ratio significativamente pequeno, co paso dos anos, provoca que o profesional perda práctica e, polo tanto tamén se poda ver comprometida a calidade do servizo. En definitiva, este índice de actividade é un parámetro obxectivo que nos permite xestionar os recursos cun criterio de equidade e xustiza distributiva.

Dado que o número de usuarios con tarxeta sanitaria do concello é de 1613, sendo coherentes co que lle acabamos de expoñer, a Pobra de Brollón correspóndelle unha plantilla de dous médicos de familia. De todos xeitos, dado que se trata dunha situación transitoria e de que sobrepasa o ratio teórico en pouco máis de cen persoas, insistimos, de forma provisoria, considerouse suficiente que a atención fora levada a cabo por unha única médica de familia a excepción dun día a semana (o martes) no que se lle asignou un reforzo formado por outro médico.

Hai outros datos que avalan esta decisión. Entendemos que non se trata dun concello cun especial problema para levar a cabo a atención domiciliaria. De feito, se analizamos as isocronas das parroquias de Pobra ao seu centro de saúde, podemos comprobar que a distancia media en Km é de 6,7 Km o que supón un tempo medio de pouco máis de 10 minutos.

Tamén hai que ter en conta que, nos casos de situacións urxentes, o 061 pode mobilizar recursos sanitarios complementarios, e que fora do horario do centro de saúde (8 a 15 h), o resto do día, a atención continuada lévase a cabo no PAC de Monforte, que está a unha distancia media de Pobra de 17 Km (o que implica en torno a 23 minutos), no que existen, a diario, dous facultativos para atender as necesidades sanitarias urxentes de, ademais de

Proba, Ferreira de Pantón, Sabiñao, Bóveda, Monforte de Lemos e Sober, sen que existan problemas de funcionamento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 35973**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co ofrecemento da Deputación Provincial de Lugo do financiamento necesario para a implantación do Servizo de Hemodinámica 24 horas no Hospital Universitario Lucus Augusti, as razóns do seu impedimento e as previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 449 do 16 de abril de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A elección entre o Servizo 24 horas ou 8 horas non é nin foi nunca un problema de custos nin de financiamento. En consecuencia, a oferta relativa ao compromiso de financiación por parte da deputación resulta improcedente.

O modelo asistencial de hemodinámica en rede existente en Galicia é efectivo e seguro, e ten sido modelo para outras CCAA.

As cifras do INE empregadas no argumentario da pregunta son taxas de mortalidade brutas. Estas non resultan adecuadas para as comparacións que realizan:

- Entre outros, non ten en conta un factor de axuste ao que non se lle da a súa relevancia fundamental: a idade. En especial, considerando que estamos comparando poboacións nas que o grado de envellecemento é diferente.
- Como é ben coñecido, a idade en un factor moi relevante na mortalidade por infarto. Independentemente do tipo de asistencia prestado, a mortalidade será maior en aquelas poboacións máis envellecidas.

- Cómpre, en consecuencia, empregar taxas non brutas, senon axustadas por idade. Estas taxas eliminan o factor de confusión inducido precisamente polas diferencias na idade entre as poboacións comparadas.

Por tanto, e polo que respecta á taxa de mortalidade por infarto de miocardio, cómpre sinalar, de acordo cos datos facilitados polo Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, baseada no rexistro de altas hospitalarias do conxunto mínimo básico de datos (CMBD) dos hospitais do Sistema Nacional de Saúde, no último ano publicado, 2012, que a taxa de mortalidade por infarto agudo de miocardio, axustada por idade e sexo, foi en Galicia do 4,62%, sensiblemente por debaixo da media de todo o SNS, situada no 5,74%, con taxas tamén inferiores nas distintas provincias.

Así pois, e a pesar de contar cun factor clave determinante neste tipo de patoloxías como é o da idade, non existe evidencia algunha, en contra do que sosteñen na pregunta, de que os resultados en saúde da poboación da provincia de Lugo, que conta cun grao de envellecemento mais acusado, sexan peores aos doutras áreas de Galicia. A modo de exemplo, na provincia de A Coruña a taxa de mortalidade bruta ven sendo do 6,1% e a axustada por idade do 4,4%, mentres que na provincia de Lugo as taxas son do 6,2% e do 3,2% respectivamente, isto é, por baixo da provincia de A Coruña.

Con carácter xeral a Consellería de Sanidade ten posto en marcha unha serie de iniciativas dirixidas á mellorar a atención aos doentes afectados por infarto agudo de miocardio (IAM). Así por exemplo, Galicia conta dende o ano 2005 cun programa de atención ao infarto, o PROGALIAM, o cal se orienta, a través dos correspondentes protocolos clínicos, a mellorar a condición dos diferentes axentes que interveñen na atención a estes pacientes, buscando reducir a mortalidade e morbilidade provocada polo IAM. Asemade, o funcionamento en rede do programa, garante a mesma calidade na atención en todo o territorio da nosa Comunidade Autónoma.

Nesta mesma liña, a Consellería conta tamén cunha valiosa ferramenta, que é o Rexistro Galego de Infarto Agudo de Miocardio, que permite dispoñer dunha información útil e sistematizada para a realización de estudos epidemiolóxicos, clínicos e de investigación, servindo ademais para adaptar os recursos humanos e materiais ás necesidades das distintas estruturas organizativas de xestión integrada e optimizar a planificación sanitaria.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

No caso concreto da provincia de Lugo, esta conta ademais cunha sala de hemodinámica que antes non tiña, a cal mantén o mesmo horario que a sala de hemodinámica de Ourense e Pontevedra, e faise de acordo coa maioría de cardiólogos, hemodinamistas e cirurxiáns cardíacos, que abogan por manter o actual modelo organizativo en tanto non se dispoña dos datos precisos extraídos do anterior rexistro. Neste sentido cómpre traer a colación a recomendación da Sociedad Española de Cardiología, recollida no informe de proxecto RECALCAR (2014) no que se indica, dentro do apartado de boas prácticas, que 'o mantemento do programa ICP-p require un ámbito poboacional de influencia suficiente (mais de 600.000 habitantes), unha plantilla de hemodinamistas (catro como mínimo) para posibilitar un servizo as 24 horas ao día os 365 días do ano e un sistema de activación do equipo de ICP-p'."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36298**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación co anuncio dun novo recorte nos servizos ferroviarios entre Santiago de Compostela e Ourense, os continuos cambios nos horarios e as diferenzas de prezo con outras liñas, así como a súa incidencia no uso dese medio de transporte e as actuacións que vai levar a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 452 do 22 de abril de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola directora xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 36297, incluída na sesión da Comisión 2ª celebrada o 3 de xuño de 2015, á que nos remitimos.

Ambas as dúas preguntas foron formuladas polas mesmas deputadas e sobre igual tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36361**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Sánchez Bugallo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos ás parcelas de solo industrial vendidas en Galicia no primeiro trimestre de 2015 debido aos descontos aplicados”**, (publicada no BOPG número 458 do 4 de maio de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director do IGVS en resposta á pregunta oral en Comisión número 36360, incluída na sesión da Comisión 2ª celebrada o 3 de xuño de 2015, á que nos remitimos. Ambas as dúas preguntas foron formuladas polos mesmos deputados e sobre o igual tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36460**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Cosme Eladio Pombo Rodríguez, sobre **“a Orde pola que se autorizan as ensinanzas artísticas superiores de música en diversas especialidades no centro privado Mayeusis, de Vigo, as razóns do Goberno galego para non abordar a regulación do modelo, marco organizativo e autonomía de xestión e funcionamento das ensinanzas artísticas superiores, así como o prazo previsto para a reparación das deficiencias que padece o Conservatorio Superior de Música de Vigo”**, (publicada no BOPG número 457 do 30 de abril de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 36457 debatida na Comisión 4ª de data 3//6/2015, á que nos remitimos e que foi formulada polos mesmos deputados e sobre idéntico tema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36507**, formulada polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, a iniciativa de dona Yolanda Díaz Pérez e don Antón Sánchez García, sobre **“as deficiencias detectadas na posta en marcha dos novos servizos ferroviarios do eixe atlántico entre Vigo e A Coruña, as xestións previstas pola Xunta de Galicia para a adaptación dos horarios e frecuencias ás necesidades de desprazamento das persoas usuarias ao seu lugar de traballo, así como o mantemento ou abaratamento dos prezos, e as actuacións que vai levar a cabo para a posta en marcha dunha rede galega de proximidades”**, (publicada no BOPG número 462 do 13 de maio de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A entrada en funcionamento, o pasado 18 de abril de 2015, dos tramos que quedaban pendentes do Eixo Atlántico de Alta Velocidade entre Santiago e Vigo, así como da estación de Vigo-Urzaiz, fixo necesario reaxustar os horarios e os servizos ferroviarios entre Vigo e A Coruña en ambos os sentidos.

Dentro do marco das súas competencias, as administracións públicas deben velar pola existencia dunha oferta de transporte público que poida atender as demandas de mobilidade obrigada (desprazamentos diarios ao traballo, aos centros de estudos...) e facilitar a conectividade e a mobilidade dos usuarios, ademais de atender os intereses da maioría. Esta é a idea coa que se elaborou a nova oferta de servizos no Eixo Atlántico ferroviario.

Actualmente, as conexións por tren entre A Coruña e Vigo contan cun servizo diario, sen transbordos, de luns a venres, composto por 14 frecuencias, das cales 10 teñen destino na estación de Vigo-Urzaiz ao tratarse dun servizo de media distancia, con paradas en Santiago, Vilagarcía e Pontevedra, que realiza este traxecto nunha hora e vinte minutos (3

destes servizos teñen parada tamén en Cerceda-Meirama, Padrón-Barbanza, Arcade e Redondela, segundo os casos, tardando uns 10 minutos máis). O resto de frecuencias teñen destino na estación de Vigo-Guixar, ao tratarse de trens rexionais que realizan no seu percorrido un maior número de paradas, empregando nalgún tramo a vía antiga sen electrificar e tardando algo máis de 2 horas en chegar a Vigo.

No sentido inverso (Vigo—A Coruña) a situación é similar, dispónse dun servizo diario, sen transbordo, de luns a venres, composto por 15 frecuencias. Destas frecuencias, coas mesmas características que no sentido inverso, 10 teñen orixe na estación de Vigo-Urzaiz e o resto na estación de Vigo-Guixar.

A maiores, cóntase con outros servizos con transbordo en Santiago ou Pontevedra, ou que non realizan o percorrido completo, é dicir, con orixe ou destino noutras estacións distintas a da Coruña ou Vigo.

O incremento no número de pasaxeiros que se experimentou desde o 18 de abril de 2015, data de posta en marcha da estación de Vigo-Urzaiz e do tramo Santiago-Vigo do Eixo Atlántico de Alta Velocidade, parece indicar que a oferta de servizos responde aos intereses da maioría dos usuarios.

Por outro lado, tense constancia de determinadas solicitudes realizadas ante o Ministerio de Fomento en relación coa modificación de determinados horarios e paradas que están a ser analizadas para determinar a súa conveniencia.

Ademais, cómpre recordar que os servizos ferroviarios de media distancia en Galicia, de acordo co aprobado polo Consello de Ministros a finais do ano 2012, están declarados como obriga de servizo público. Así, en Galicia, nos seguintes servizos ferroviarios de media distancia: A Coruña – Ferrol, A Coruña – Lugo – Monforte, A Coruña – Santiago de Compostela, A Coruña – Vigo, Monforte – A Coruña, Pontevedra – Vigo, Santiago de Compostela – Ourense, Santiago de Compostela – O Carballiño, Santiago de Compostela – Vigo, Vigo – Ourense e Vigo – Ourense – Monforte – Ponferrada; existe unha compensación económica da administración á operadora, o que permite manter determinados servizos, aínda que produzan perdas, e garante o mantemento de paradas que en caso contrario se



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

eliminarían. Nestes servizos, non suxeitos á lei de oferta e demanda, as tarifas son marcadas polo Ministerio de Fomento e non pola operadora da liña.

Destacar, que as tarifas aplicadas actualmente no Eixo Atlántico, non sufriron modificacións e son as mesmas que se aplicaban antes do 18 de abril de 2015.

En calquera caso, desde o Goberno galego, estanse a realizar as correspondentes consultas e o seguimento dos servizos, aos efectos de constatar o correcto funcionamento e cumprimento dos mesmos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36541**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa a elaboración polo Goberno galego dun censo da poboación do lobo en Galicia, as previsións respecto da continuación co desenvolvemento do seu plan de xestión e as razóns da redución, ano tras ano, das indemnizacións polos danos que causa, así como os resultados do censo rematado polo Ministerio de Medio Ambiente en febreiro de 2015”**, (publicada no BOPG número 457 do 30 de abril de 2015), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Na actualidade non se ten rematado por completo o censo da poboación do lobo en Galicia xa que a existencia dunha serie de zonas nas que non se puideron desenvolver satisfactoriamente as metodoloxías establecidas (itinerarios para a procura de indicios, estacións de agarda e estacións de escoita) fai necesario completar a información obtida. Durante o presente ano prevese poder dar o censo por concluído.

Os datos preliminares trasladados polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente corresponden fundamentalmente coa actualización da información sobre a área de distribución da especie e o número de grupos reprodutores en Galicia, a modo de indicador da abundancia total de exemplares. Na actualidade estase a traballar nos datos obtidos, nesta e no resto de Comunidades Autónomas, de cara a poder facer públicos os datos.


Lembrar que o Decreto 297/2008, do 30 de decembro, polo que se aproba o Plan de Xestión do lobo en Galicia, segue vixente na actualidade.

Desde o ano 2009 o Goberno galego leva pagados máis de 700.000 € en concepto de axudas por danos ocasionados polo lobo á gandería.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms

PARLAMENTO DE GALICIA REXISTRO XERAL ENTRADA
18 XUN. 2015
Núm. <u>38103</u>

PRESENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
17 XUN. 2015
SAIDA
Núm. <u>1186</u>

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36600**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Antonio Sánchez Bugallo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a relación de parques empresariais xestionados polo IGVS nos que se van aplicar as bonificacións de ata o 50 % nos prezos acordadas polo Consello da Xunta de Galicia do 23 de abril de 2015 para a posta en marcha da segunda fase do programa de venda de solo empresarial, así como a porcentaxe que se vai aplicar en cada un deles”**, (publicada no BOPG número 461 do 7 de maio de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia publicou o 5 de xuño o inicio do concurso de venda de parcelas de solo empresarial propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) a prezos bonificados.

O IGVS aplica bonificacións do 30 ou 50 por cento sobre os prezos de venda de 221 parcelas de solo empresarial da súa propiedade, emprazadas en 20 parques empresariais e cunha superficie total de 428.149,53 metros cadrados.

O programa prevé rebaixas do 50% para aqueles parques empresariais situados nas Zonas Impulsa -Ourense, Ferrolterra, Lugo e Costa da Morte-, así como para os concellos fronteirizos con Portugal. Para o resto de parques, a bonificación é do 30%.


Os parques empresariais nos que se vai aplicar as bonificacións son os seguintes: na provincia da Coruña, o das Somozas, Carballo (Bértoa), Culleredo (Alvedro), Melide (fase I) e Pontedeume; na provincia de Lugo, o de Bóveda (2ª fase), Lourenzá (2ª fase), Monforte (Porto Seco), Monterroso, Palas de Rei, Quiroga e Xermade (2ª fase); na provincia de Ourense, o do Barco de Valdeorras (2ª-3ª fases), O Carballiño (2ª fase), Celanova, Ribadavia (pol. 1-2), Verín (Pazos) e San Cibrao das Viñas (Cidade do Transporte); e na

provincia de Pontevedra, o de Lalín (Lalín 2000) e o de Ponte Caldelas (Cidade do Transporte)."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36885**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a información, as inspeccións levadas a cabo ou previstas e a opinión do ente público Augas de Galicia respecto do cumprimento da lexislación vixente en materia de depuración e tratamento de augas residuais na Estación de Servizo Compostela, situada na AP-9 ao seu paso polo concello de Teo”**, (publicada no BOPG número 461 do 7 de maio de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“As instalacións de tratamento de augas residuais da Estación de Servizo Compostela, na AP-9, termo municipal de Teo, dispoñen de autorización de vertido ditada por Augas de Galicia por resolución do 27 de xaneiro de 2009, no expediente DH.V15.20348, cuxo titular é Galp Energía España, S.A.U.

En xullo de 2011 impúxose sanción por incumprimento da autorización de vertido.

A última inspección levouse a cabo no marco do Plan de Control de Vertidos en maio deste mesmo ano, sen que se constatase ningunha incidencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia







XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37294**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Ricardo Vicente Docasar Docasar e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da posta en funcionamento, para o curso 2015-2016, dunha sección de Inglés da Escola Oficial de Idiomas de Monforte de Lemos no Instituto de Ensinanza Secundaria Lama das Quendas, de Chantada”**, (publicada no BOPG número 469 do 28 de maio de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 17546, debatida na Comisión 4ª de data 7/3/2014, e á que nos remitimos. Ambas as dúas preguntas eran dos mesmos deputados e sobre o mesmo tema.

A isto cómpre engadir que os criterios para a posta en funcionamento dunha nova sección dunha Escola Oficial de Idiomas continúan a ser os mesmos que no curso anterior, tendo en conta a demanda existente entre outras circunstancias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37373**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Carmen Acuña do Campo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Consellería de Sanidade para non dispensar a vacina contra a meninxite tipo B”**, (publicada no BOPG número 469 do 28 de maio de 2015), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sergas non ten a competencia de introducir no calendario vacinal obrigatorio a vacina contra a meninxite tipo B. Como medida, sí pode instar ao Ministerio de Sanidade para que, en función das novas evidencias científicas dispoñibles, se decida a oportunidade de incluír esta vacina no calendario vacinal, así como instar a que se habilite a dispensación nas farmacias mentres non estea incluída no calendario vacinal. Nestes intres, a Axencia Española do Medicamento a ten autorizada para uso hospitalario e en determinadas indicacións. En todo caso, Galicia cumpre co que se consensúa no seo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde.

Na Comisión de Saúde Pública de novembro de 2014, Galicia xa tiña solicitado ao Ministerio que autorizase a distribución e venda desta vacina a través das oficinas de farmacia. Ademais, seguindo o mandato do Parlamento de Galicia do pasado mes de abril, a Xunta ten solicitado de novo ao Ministerio que autorice a distribución e venda da vacina a través das oficinas de farmacia.

Tamén nesta liña, a conselleira de Sanidade lle ten enviado un escrito ao Ministro coa petición expresa de traballar para desbloquear este tema o antes posible. Tamén o presidente da Xunta amosou o seu interese pola resolución desta situación. En recentes declaracións manifestou o seu compromiso de comunicar ao Ministerio a necesidade da


liberalización da venda libre deste produto en farmacias, e de non acadalo, estudar a viabilidade da realización en Galicia dun estudo piloto de utilización desta vacina.

Finalmente, o presidente da Xunta adiantou na rolda de prensa do Consello de data 28 de maio de 2015 que o Goberno central vai a autorizar a venda nas farmacias españolas da vacina contra o meningococo B.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2015

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Excm. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727